

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**7540** *Real decreto 506/2013, do 28 de xuño, sobre produtos fertilizantes.*

O solo agrícola é un recurso inestimable e limitado, cuxo potencial agronómico actual se debe ao labor desenvolvido polo home durante séculos. A degradación irreversible deste recurso supón non só destruír o ben máis prezado dos agricultores, senón hipotecar as oportunidades agrícolas de xeracións futuras. Por este motivo, a protección do solo constitúe un obxectivo prioritario nunha boa fertilización, para garantir a súa fertilidade e o seu valor agronómico, presente e futuro.

A aparición de novos produtos que conteñen nutrientes para as plantas e capacidade fertilizante non debe ser óbice para que se esquezan as súas posibles repercusións na saúde e seguridade das persoas e do ambiente, polo que procede regular a utilización de novos ingredientes na elaboración de produtos fertilizantes, de modo que eviten os seus posibles efectos nocivos na auga, no solo, na flora, na fauna e no ser humano.

En desenvolvemento do disposto no Regulamento (CE) n.º 2003/2003 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de outubro de 2003, relativo aos fertilizantes, publicouse o Real decreto 824/2005, do 8 de xullo, sobre produtos fertilizantes, que complementa o citado regulamento e introduce a regulación de novos tipos de fertilizantes e emendas, así como establece a normativa básica no relativo a todos estes produtos e as normas necesarias de coordinación coas comunidades autónomas.

Con posterioridade a ese regulamento, aprobouse unha serie de disposicións de ámbito comunitario e estatal que afecta o articulado do Real decreto 824/2005 e o contido dos seus anexos, polo que se considera necesario derrogar este real decreto e substituílo pola presente norma. Como disposicións máis destacadas conviría citar as seguintes:

– Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, que aplica no noso país a Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, co fin de garantir o libre acceso ás actividades e simplificar procedementos.

– Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, que afecta a posible fabricación de produtos fertilizantes de orixe orgánica.

– Real decreto lei 8/2011, do 1 de xullo, de medidas de apoio aos debedores hipotecarios, de control do gasto público e cancelación de débedas con empresas e autónomos contraídas polas entidades locais, de fomento da actividade empresarial e impulso da rehabilitación e de simplificación administrativa, polo que se regula o silencio positivo en materia de autorización e rexistro de fertilizantes e se amplía o prazo de resolución.

– Regulamento (CE) n.º 1907/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de decembro de 2006, relativo ao rexistro, á avaliación, á autorización e á restrición das substancias e preparados perigosos (REACH).

– Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008, sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas.

– Regulamento (CE) n.º 1069/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais e produtos derivados non destinados ao consumo humano, e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 1774/2002, considerando a súa posible utilización na fabricación de fertilizantes e emendas.

Ao se tratar da normativa básica en materia de fertilizantes que recolle concrecións sobre algunhas das disposicións dos precitados regulamentos comunitarios e refunde e actualiza a normativa nacional existente na materia, cómpre a súa elaboración con rango

de real decreto, de tal forma que garanta unha maior transparencia normativa para o sector e para as administracións públicas.

En consecuencia, con este real decreto preténdese, en primeiro lugar, concretar algunhas das disposicións do Regulamento (CE) n.º 2003/2003, respecto das cales a dita norma establece que deben ser desenvolvidas e completadas polos Estados membros e, en segundo lugar, refundir e actualizar a normativa nacional existente relativa ao resto dos fertilizantes e a todo tipo de emendas, adaptándoa, de ser o caso, ás exixencias das disposicións legais citadas anteriormente.

Este real decreto inclúe moi poucas modificacións respecto do Real decreto 824/2005, do 8 de xullo, que afectan o contido dos seus artigos 2, 12, 13, 14, 19, 21, 24, 26, 27, 30 e 31 e algunhas epígrafes dos anexos, para precisar en detalle a regulación vixente e actualizar as remisións que o citado Real decreto 824/2005, que se derroga, contiña a outras normas españolas e da Unión Europea. Porén, optouse por unha refundición co texto anterior aínda que na súa práctica totalidade permanece invariable.

Préstase unha especial atención a determinados fertilizantes, particularmente aos que utilizan materias primas de orixe orgánica, que están sometidas a regulamentacións competentes en materia de vixilancia e control e por todos os interesados en xeral, e establécese a obrigatoriedade da súa inscrición no Rexistro de Produtos Fertilizantes, e actualízanse os requisitos para a súa comunicación.

De igual forma, prevese a adecuación desta normativa ao progreso técnico, establecéndose o procedemento de modificación dos anexos e o de inclusión de novos tipos de fertilizantes.

No caso dos laboratorios competentes para a realización das probas e controis que deben facer as administracións públicas, é necesario clarificar as diferenzas entre os acreditados de acordo cunha norma EN e os autorizados de forma transitoria.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Este real decreto foi sometido ao procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas, previsto na Directiva 98/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño de 1998, así como no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a remisión de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, de Industria, Enerxía e Turismo, e de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de xuño de 2013,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto e fins.*

1. Este real decreto ten por obxecto establecer a normativa básica en materia de produtos fertilizantes e as normas necesarias de coordinación coas comunidades autónomas.

2. Constitúen fins deste real decreto:

a) Regular os aspectos do Regulamento (CE) n.º 2003/2003 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de outubro de 2003, relativo aos fertilizantes, cuxa concreción e desenvolvemento foron encomendados aos Estados membros.

b) Definir e tipificar os produtos fertilizantes, distintos dos «fertilizantes CE», que se poidan utilizar na agricultura e na xardinaría.

- c) Garantir que as riquezas nutritivas e outras características dos produtos fertilizantes se axustan ás exixencias deste real decreto.
- d) Previr os riscos para a saúde e o ambiente polo uso de determinados produtos.
- e) Regular o Rexistro de Produtos Fertilizantes para a inscrición de determinados produtos.
- f) Actualizar o procedemento para a inscrición no Rexistro de Produtos Fertilizantes, previamente á posta no mercado de determinados produtos.
- g) Establecer o procedemento para a actualización dos anexos deste real decreto.

## Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto, entenderase como:

1. Nutriente: elemento químico esencial para a vida vexetal e o crecemento das plantas. Ademais do carbono (C), o oxíxeno (O) e o hidróxeno (H), procedentes especialmente do aire e da auga, os elementos nutrientes clasifícanse en nutrientes principais, nutrientes secundarios e micronutrientes.
2. Nutriente principal: exclusivamente os elementos nitróxeno (N), fósforo (P) e potasio (K).
3. Nutriente secundario: os elementos calcio (Ca), magnesio (Mg), sodio (Na) e xofre (S).
4. Micronutriente: os elementos boro (B), cobalto (Co), cobre (Cu), ferro (Fe), manganeso (Mn), molibdeno (Mo) e zinc (Zn), esenciais para o crecemento das plantas, aínda que en pequenas cantidades se se compara cos nutrientes principais ou secundarios.
5. Nutriente quelado: nutriente ligado a unha das moléculas orgánicas recoñecidas como axente quelante.
6. Nutriente complexado: nutriente ligado a unha ou varias das moléculas recoñecidas como axente complexante.
7. Produto fertilizante: produto utilizado en agricultura ou xardinaría que, polo seu contido en nutrientes, facilita o crecemento das plantas, aumenta o seu rendemento e mellora a calidade das colleitas ou que, pola súa acción específica, modifica, segundo conveña, a fertilidade do solo ou as súas características físicas, químicas ou biolóxicas, que cumpra cos requisitos establecidos no artigo 4.2 e que se deberá especificar como tal no anexo I deste real decreto. Inclúense nesta definición os fertilizantes, os produtos especiais e as emendas.
8. Fertilizante: produto cuxa función principal é proporcionar elementos nutrientes ás plantas.
9. Fertilizante inorgánico ou fertilizante mineral: fertilizante obtido mediante extracción ou mediante procedementos industriais de carácter físico ou químico, cuxos nutrientes declarados se presentan en forma mineral. Por convenio, a cianamida cálcica, a urea e os seus produtos de condensación e asociación e os fertilizantes minerais que conteñen nutrientes quelados ou complexados clasifícanse como fertilizantes inorgánicos.
10. Fertilizante CE: os fertilizantes inorgánicos pertencentes a un dos tipos que figuran no anexo I do Regulamento (CE) n.º 2003/2003 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de outubro de 2003, relativo aos fertilizantes.
11. Fertilizante inorgánico nacional: os fertilizantes inorgánicos non incluídos no anexo I do Regulamento (CE) n.º 2003/2003 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de outubro de 2003, e pertencentes a algún dos tipos incluídos no grupo 1 do anexo I deste real decreto.
12. Fertilizante orgánico: produto cuxa función principal é proporcionar nutrientes para as plantas, os cales proceden de materiais carbonados de orixe animal ou vexetal, cuxa relación se inclúe no grupo 2 do anexo I.
13. Fertilizante órgano-mineral: produto cuxa función principal é proporcionar nutrientes para as plantas, os cales son de orixe orgánica e mineral, e se obtén por mestura ou combinación química de fertilizantes inorgánicos con materiais carbonados

de orixe animal ou vexetal ou fertilizantes orgánicos, cuxa relación se inclúe no grupo 3 do anexo I.

14. Outros fertilizantes e produtos especiais: produtos que proporcionan a outro material fertilizante, ao solo ou á planta, substancias para favorecer e regular a absorción dos nutrientes ou corrixir determinadas anomalías de tipo fisiolóxico, cuxos tipos se inclúen no grupo 4 do anexo I.

15. Fertilizante simple: fertilizante nitroxenado, fosfatado ou potásico cun contido declarable dun único nutriente principal.

16. Fertilizante composto: fertilizante obtido quimicamente ou por mestura, ou por unha combinación de ambos, cun contido declarable de, polo menos, dous dos nutrientes principais.

17. Fertilizante complexo: fertilizante composto obtido mediante reacción química, mediante solución, ou en estado sólido mediante granulación, e cun contido declarable de, polo menos, dous nutrientes principais. No seu estado sólido cada gránulo contén todos os nutrientes na súa composición declarada.

18. Fertilizante de mestura: fertilizante obtido mediante a mestura en seco de varios fertilizantes, sen reacción química.

19. Fertilizante líquido: fertilizante en solución ou en suspensión.

20. Fertilizante en solución: fertilizante líquido sen partículas sólidas.

21. Fertilizante en suspensión: fertilizante ou produto en dúas fases cuxas partículas sólidas son mantidas en suspensión na fase líquida.

22. Fertilizante foliar: fertilizante indicado para aplicación ás follas dun cultivo e absorción foliar do nutriente.

23. Fertilizante hidrosoluble: fertilizante de alta solubilidade, cuxo residuo insoluble en auga a 15 °C sexa menor do 0,5 por cento, cando se utilice na maior concentración recomendada para o seu uso.

24. Emenda: materia orgánica ou inorgánica capaz de modificar ou mellorar as propiedades e características físicas, químicas ou biolóxicas do solo, cuxos tipos se inclúen nos grupos 5, 6 e 7 do anexo I.

25. Emenda calcárea (cálcica ou magnésica): emenda que contén calcio e/ou magnesio, esencialmente en forma de óxido, hidróxido, carbonato ou silicato, utilizada principalmente para manter ou aumentar o pH do solo ou para modificar as súas propiedades físicas, cuxos tipos se inclúen no grupo 5 do anexo I.

26. Emenda orgánica: emenda procedente de materiais carbonados de orixe vexetal ou animal, utilizada fundamentalmente para manter ou aumentar o contido en materia orgánica do solo, mellorar as súas propiedades físicas e mellorar tamén as súas propiedades ou actividade química ou biolóxica, cuxos tipos se inclúen no grupo 6 do anexo I.

27. Outras emendas: emendas non incluídas nos números anteriores, utilizadas fundamentalmente para mellorar as propiedades físicas, químicas ou biolóxicas do solo, cuxos tipos se inclúen no grupo 7 do anexo I.

28. Materia prima: calquera ingrediente utilizado na elaboración dun produto fertilizante.

29. Residuo orgánico biodegradable: residuo ou subproduto de orixe vexetal ou animal utilizado como materia prima, cuxa descrición se inclúe no anexo IV.

30. Esterco: todo excremento ou urina de animais de granxa ou aves, con ou sen cama, sen transformar ou transformado, de acordo cos procesos previstos no Regulamento (CE) n.º 1069/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais e produtos derivados, non destinados ao consumo humano.

31. Compostaxe: proceso controlado de transformación biolóxica, aeróbica e termófila de materiais orgánicos biodegradables que dá lugar aos tipos de fertilizantes ou emendas orgánicos, cuxas características se detallan nos grupos 2 e 6 do anexo I.

32. Riqueza: expresa a concentración dun produto fertilizante en nutrientes dados, normalmente en porcentaxe (%) en masa do produto.

33. Tolerancia: diferenza admisible entre o valor encontrado na análise do contido dun elemento ou doutra característica específica, con respecto ao seu valor declarado.

34. Declaración: mención da cantidade de nutrientes e doutras riquezas e características, incluíndo a súa forma, solubilidade e masa, garantidos dentro das tolerancias especificadas no anexo III.

35. Contido declarado: contido dun elemento –ou o seu óxido– que figura na etiqueta do produto conforme a lexislación, ou no documento de acompañamento se o produto non está envasado.

36. Relación C/N: cociente entre o carbono orgánico e o nitróxeno orgánico.

37. Solubilidade: calidade dos fertilizantes que indica a proporción dos seus nutrientes disoltos en auga ou nun reactivo determinado.

38. Valor neutralizante: nunha emenda calcaria, número que representa a cantidade de quilogramos de óxido de calcio (CaO) que ten o mesmo efecto neutralizante que 100 kg do produto considerado.

39. Norma europea: norma EN do Comité Europeo de Normalización (CEN) oficialmente recoñecida pola Unión Europea, cuxa referencia fose publicada no Diario Oficial de la Unión Europea.

40. Método oficial de análise: método de análise ou de toma de mostras aprobado pola Comisión Europea ou polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, para comprobar as condicións de calidade e composición dos produtos fertilizantes e que se relacionan no anexo VI.

41. Método de análise recomendado: método ou técnica analítica utilizable cando non exista método oficial, establecido en normas nacionais vixentes ou en métodos internacionais de recoñecida solvencia e que se relacionan no anexo VI.

42. Acreditación: procedemento mediante o cal unha entidade nacional de acreditación avalía e declara formalmente que unha organización é tecnicamente competente e realiza a actividade de certificación de conformidade coas normas EN 45011 ou EN 45012, segundo o caso.

43. Certificación: procedemento levado a cabo por unha entidade acreditada, mediante o cal se manifesta a conformidade dunha planta de almacenaxe ou procesado ou dun produto fertilizante e que cumpre cos requisitos definidos neste real decreto.

44. Entidade certificadora: organización acreditada por unha entidade nacional de acreditación para realizar a actividade de certificación.

45. Posta no mercado: a subministración dun produto fertilizante a título oneroso ou gratuíto ou o seu almacenamento con fins de subministración. A importación dun produto fertilizante no territorio alfandegueiro da Unión Europea considerarase posta no mercado para os efectos deste real decreto.

46. Fabricante: persoa física ou xurídica responsable da posta no mercado dun produto fertilizante; en particular, un produtor, importador ou envasador que traballe por conta propia, así como calquera distribuidor ou outra persoa que modifique as características dun produto fertilizante, o seu envasado ou etiquetaxe, considerarase fabricante. Porén, un distribuidor que non modifique estas características non se considerará fabricante.

47. Rastrexabilidade: posibilidade de encontrar e seguir o rastro, a través de todas as etapas de produción, transformación e distribución dun produto fertilizante, mediante un sistema de procedementos que permite realizar o seu seguimento, desde a súa produción ata a súa posta no mercado.

48. Lote: unidade de produción fabricada nunha mesma planta elaboradora ou envasadora, con materias primas e parámetros de produción uniformes, que pode ser identificada ao se pór no mercado coas mesmas características.

49. Envase: recipiente que pode ser precintado, utilizado para conservar, protexer, manipular e distribuír produtos, capaz de conter ata 1.000 quilogramos.

50. Produto a granel: produto non envasado conforme este real decreto.

51. Tipificar: definir un conxunto de características comúns a un mesmo tipo de produtos.

52. Tipo de produtos: produtos cunha mesma denominación e características, conforme o indicado no anexo I deste real decreto e no anexo I do Regulamento (CE) n.º 2003/2003 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de outubro de 2003.

53. Inscripción: acto administrativo necesario para que certos produtos fertilizantes específicos poidan ser postos no mercado e empregados en agricultura e xardinaría; segundo se establece no capítulo V.

#### Artigo 3. *Ámbito de aplicación.*

1. Consideraranse suxeitos a este real decreto aqueles produtos fertilizantes postos no mercado español para seren utilizados en agricultura, xardinaría ou restauración de solos degradados e que correspondan a algún dos tipos incluídos na relación referida no artigo 5.

2. Os «fertilizantes CE» regularanse polo Regulamento (CE) n.º 2003/2003 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de outubro de 2003, así como polo previsto nos artigos 8.3 a), 9.1 e 12.1.h), no capítulo VII e na disposición adicional primeira deste real decreto.

3. Exclúense do ámbito de aplicación deste real decreto:

a) Os produtos fitosanitarios e as súas substancias activas, que están regulados polo Regulamento (CE) n.º 1107/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009, relativo á comercialización de produtos fitosanitarios, aínda que poidan conter nutrientes para as plantas.

b) Os produtos que sexan medios de defensa fitosanitarios distintos dos referidos na letra a), regulados pola Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal.

c) Os produtos fertilizantes destinados a cultivar, en vivendas ou locais habitados, plantas ornamentais ou de flor (xardinaría doméstica e plantas de interior), sempre que estean envasados en recipientes que non excedan un litro ou un quilo e se especifique este uso na etiqueta.

d) Os substratos de cultivo, é dicir, os materiais sólidos distintos dos solos «in situ», onde se cultivan as plantas, regulados no Real decreto 865/2010, do 2 de xullo, sobre substratos de cultivo.

e) Os estercos que non sufrisen algún proceso de transformación nunha planta técnica, de compostaxe ou de biogás, tal como se describen no Regulamento (CE) n.º 1069/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009, cando se comercialicen a granel.

f) Os lodos de depuradora previstos no Real decreto 1310/1990, do 29 de outubro, polo que se regula a utilización dos lodos de depuración no sector agrario.

g) Calquera outro produto que teña unha regulamentación específica, comunitaria ou nacional.

#### Artigo 4. *Requisitos.*

1. Sen prexuízo do establecido no Regulamento (CE) n.º 2003/2003 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de outubro de 2003, e nas normas que o desenvolvan, para os «fertilizantes CE» incluídos no seu anexo I, o resto de produtos fertilizantes deberán cumprir os requisitos relativos ao seu envasado e identificación, posta no mercado, materias primas, rexistro e demais disposicións deste real decreto e estar incluídos na relación de tipos de produtos fertilizantes do anexo I.

2. Só poderá ser considerado como produto fertilizante o que cumpra coa definición establecida no artigo 2.7 e reúna os seguintes requisitos:

a) Que proporcione nutrientes ás plantas de maneira eficaz ou mellore as propiedades do solo.

b) Que se dispoña, para o produto, de métodos adecuados de toma de mostras, de análise e de ensaio para poder comprobar as súas riquezas e calidades.

c) Que, en condicións normais de uso, non produza efectos prexudiciais para a saúde e o ambiente.

**Artigo 5. Grupos e tipos de produtos fertilizantes.**

1. Os produtos fertilizantes que se poden usar como fertilizantes ou emendas en agricultura e xardinaría deben pertencer a algún dos tipos incluídos no anexo I do Regulamento (CE) n.º 2003/2003 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de outubro de 2003, ou no anexo I deste real decreto, integrados nos seguintes grupos:

- a) Grupo 1. Fertilizantes inorgánicos nacionais.
- b) Grupo 2. Fertilizantes orgánicos.
- c) Grupo 3. Fertilizantes órgano-minerais.
- d) Grupo 4. Outros fertilizantes e produtos especiais.
- e) Grupo 5. Emendas calcarias.
- f) Grupo 6. Emendas orgánicas.
- g) Grupo 7. Outras emendas.

2. No anexo I especificanse, para cada un dos tipos de produtos fertilizantes, incluídos nos grupos citados no número anterior, as seguintes características:

- a) A denominación do tipo de produto.
- b) A súa forma de obtención e os seus compoñentes esenciais.
- c) Os contidos mínimos ou máximos en nutrientes.
- d) A forma, solubilidades e demais requisitos que deben cumprir estes produtos.
- e) A riqueza nutritiva que se debe declarar e garantir ao consumidor.
- f) De ser o caso, as instrucións específicas relativas ao uso, almacenaxe e manipulación do produto.

**Artigo 6. Ingredientes autorizados.**

1. Con carácter xeral, só está autorizado formular produtos fertilizantes cos ingredientes especificados, para cada un dos tipos de produtos fertilizantes incluídos no anexo I. Cando, pola incorporación dalgún ingrediente ou compoñente non incluído no tipo do produto fertilizante, se xere un novo tipo, este deberá ser expresamente tipificado e incluído no citado anexo I, seguindo o procedemento previsto no capítulo VI.

2. Na fabricación de fertilizantes inorgánicos ou de emendas inorgánicas non está permitida a incorporación de materia orgánica de orixe animal ou vexetal, nin de compoñentes que non figuren como ingredientes específicos do produto no correspondente tipo do anexo I.

3. As materias primas utilizadas na elaboración de produtos fertilizantes deberán axustarse ao especificado no capítulo IV.

**CAPÍTULO II****Envasado e identificación dos produtos fertilizantes****Artigo 7. Denominación do tipo de produto.**

Con independencia dos «fertilizantes CE» incluídos no anexo I do Regulamento (CE) n.º 2003/2003 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de outubro de 2003, soamente se poderán pór no mercado coa denominación de fertilizante ou emenda os produtos pertencentes a algún dos tipos incluídos nos grupos do artigo 5, relacionados no anexo I, e que cumpran coas demais condicións establecidas neste real decreto.

**Artigo 8. Envasado.**

1. Para que un produto teña a consideración de envasado, o seu envase deberá ir pechado de tal maneira ou mediante un dispositivo tal que ao abriarse se deteriore

irremediamente o peche, o precinto do peche ou o propio envase. Admitirase o uso de sacos de válvula.

2. Todo produto que non cumpra co disposto no número anterior se considerará a granel.

3. Deberán estar obrigatoriamente envasados os seguintes produtos:

a) Os fertilizantes a base de nitrato amónico con alto contido en nitróxeno especificados no artigo 25 do Regulamento (CE) n.º 2003/2003 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de outubro de 2003, así como os fertilizantes de mestura previstos no grupo I do anexo I deste real decreto que utilicen como ingrediente nitrato amónico e cuxo contido en nitróxeno debido ao nitrato amónico sexa superior ao 16 por cento en masa, na súa subministración ao usuario final.

b) Os fertilizantes inorgánicos con micronutrientes do grupo 1.3 do anexo I, excepto os do tipo 1.3.5, desde a súa fabricación ata o usuario final.

c) Os fertilizantes clasificados como perigosos, de conformidade co Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008, sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas, ou ben de acordo co Real decreto 255/2003, do 28 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de preparados perigosos, durante o período transitorio previsto no artigo 61.1, parágrafo segundo do Regulamento (CE) n.º 1272/2008. Porén, estes fertilizantes poderanse transportar a granel cando esta operación se realice segundo o estipulado no Acordo europeo sobre transporte internacional de mercadorías perigosas por estrada (ADR), feito en Xenebra o 30 de setembro de 1957 e ratificado por España, e nos seus anexos A e B vixente.

#### Artigo 9. *Etiquetaxe.*

1. Nos «fertilizantes CE», as etiquetas e toda a documentación ou información que acompañe o produto deberán axustarse ás normas sobre etiquetaxe do Regulamento (CE) n.º 2003/2003 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de outubro de 2003. Os contidos en elementos nutrientes expresaranse do modo seguinte:

- a) O nitróxeno, unicamente en forma de elemento (N).
- b) O fósforo e o potasio, en forma de óxido ( $P_2O_5$  e  $K_2O$ ).
- c) O calcio, o magnesio, o sodio e o xofre, en forma de óxido ( $CaO$ ,  $MgO$ ,  $Na_2O$  e  $SO_3$ ).

2. Para os demais produtos fertilizantes respectaranse as disposicións xerais de identificación e etiquetaxe que se detallan no anexo II e, ademais, teranse en conta as seguintes normas:

a) As etiquetas ou indicacións impresas sobre o envase que conteñan os datos a que se refire o anexo II deberanse colocar nun lugar ben visible.

b) Se a información non está impresa no envase, as etiquetas deberanse fixar ao envase ou ao seu sistema de peche. Se o sistema de peche está constituído por un selo ou precinto, este deberá levar o nome ou a marca do envasador.

c) A etiquetaxe deberá ser e permanecer indeleble e claramente lexible.

d) Nos casos de produtos fertilizantes a granel, a mercadoría sempre deberá ir xunto cunha copia dos documentos de acompañamento. Esta copia dos documentos deberá ser accesible aos organismos de control.

e) A indicación obrigatoria do fabricante do produto refírese, de acordo co artigo 2.46, á persoa responsable da posta no mercado, e deberá especificar se é produtor, importador, envasador, etc.

f) A etiqueta, as indicacións que figuran no envase e os documentos de acompañamento deben estar redactados, polo menos, na lingua española oficial do Estado.



Artigo 10. *Contido das etiquetas e dos documentos de acompañamento.*

1. As únicas indicacións relativas ao produto que se admitirán en etiquetas e en documentos de acompañamento serán as identificacións e mencións obrigatorias e facultativas do anexo II. Calquera outra información que figure no envase deberá estar claramente separada das indicacións que figuran na etiqueta.

2. A información incluída nos envases, etiquetas, documentos de acompañamento, publicidade e presentación do produto en ningún caso inducirá o consumidor a confusión, nin conterá afirmacións contrarias aos principios básicos da nutrición vexetal ou da fertilización dos solos agrícolas.

3. A etiqueta ou documentos de acompañamento dos produtos clasificados como perigosos, de acordo coa normativa da alínea 3.c) indicada no artigo 8, deberán conter os pictogramas de perigo, as palabras de advertencia, as indicacións de perigo e os consellos de prudencia establecidos no Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008, ou ben os símbolos e as indicacións de perigo, as frases de risco (frase R) e os consellos de prudencia (frase S) establecidos no Real decreto 255/2003, do 28 de febreiro, durante o período transitorio.

### CAPÍTULO III

#### Posta no mercado

Artigo 11. *Previsións xerais.*

1. Non está permitido pór no mercado produtos fertilizantes que non estean incluídos nalgún dos tipos do anexo I do Regulamento (CE) n.º 2003/2003 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de outubro de 2003, ou nalgún dos tipos do anexo I deste real decreto, e que non satisfagan a calidade e os demais requisitos previstos neste real decreto.

2. A inscrición previa no Rexistro de Produtos Fertilizantes, a que se refire o capítulo V, é requisito imprescindible para pór no mercado produtos fertilizantes pertencentes aos grupos 2, 3 e 6 do anexo I.

Artigo 12. *Requisitos do fabricante.*

1. O fabricante dun produto fertilizante deberá cumprir cos seguintes requisitos:

a) Estar establecido na Unión Europea. No caso dos produtos sometidos á inscrición no Rexistro de Produtos Fertilizantes a que se refire o capítulo V, ter delegación en España.

b) As súas instalacións de almacenamento e procesado e os seus sistemas de control de calidade e rastrexabilidade dos produtos elaborados axústanse ás exixencias establecidas neste real decreto.

c) O produto fertilizante é conforme a lexislación vixente e subminístrase no mercado provisto das indicacións sobre identificación e etiquetaxe do anexo II.

d) Dispor de probas documentais emitidas por un laboratorio recollido no artigo 14.3 b), que demostren a veracidade da información que figura na etiqueta, nos documentos de acompañamento, na publicidade ou na presentación dos produtos fertilizantes, sen que poidan inducir a engano ou confusión aos usuarios finais, tal como se indica no artigo 10.2.

e) No caso que se utilicen materias primas de orixe animal, garantir que se cumpre cos requisitos establecidos no Regulamento (CE) n.º 1069/2009, do 21 de outubro.

f) Nos casos recollidos no artigo 31 do Regulamento (CE) 1907/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de decembro de 2006, relativo ao rexistro, á avaliación, á autorización e á restrición das substancias e preparados químicos (REACH), facilitar o distribuidor, para a súa entrega ao usuario final, unha ficha de datos de seguridade elaborada conforme o modelo establecido no anexo II do dito regulamento e mantela

actualizada. Esta ficha de datos de seguridade servirá para poder avaliar e prever os riscos potenciais, tanto para as persoas que manexan estes produtos como para os medios ou instrumentos de aplicación do produto fertilizante.

g) Cumprir coas exixencias sobre control de calidade e rastrexabilidade dos produtos a que se refiren os artigos 14 e 15.

h) Garantir que os fertilizantes a base de nitrato amónico con alto contido en nitróxeno, regulados no capítulo IV do Regulamento (CE) n.º 2003/2003 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de outubro de 2003, así como que os fertilizantes de mestura, previstos no grupo I do anexo I deste real decreto, que utilicen como ingrediente nitrato amónico e cuxo contido en nitróxeno debido ao nitrato amónico sexa superior ao 16 por cento en masa, van acompañados dun certificado de ter superado o ensaio de detonabilidade, tal como se dispón no citado regulamento comunitario e no Real decreto 2492/1983, do 29 de xuño, polo que se regula a intervención administrativa do Estado sobre nitrato amónico de grao explosivo, e nas súas normas de desenvolvemento.

2. Os requisitos establecidos nas letras b), c), d) e g) do punto anterior poderanse garantir mediante a oportuna certificación da empresa fabricante, levada a cabo por unha entidade certificadora.

3. As entidades certificadoras enviarán á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios, antes do 31 de decembro de cada ano, a relación actualizada de empresas fabricantes certificadas.

#### Artigo 13. *Marxes de tolerancia.*

1. As marxes de tolerancia están destinadas a ter en conta as diferenzas admisibles a que se refire o artigo 2.33, tanto na fabricación coma na toma de mostras e na análise, considerando que xa se encontra incluída a incerteza do laboratorio.

2. O contido e outros requisitos e características dos produtos fertilizantes deberán cumprir as marxes de tolerancia que se establecen no anexo III.

3. O fabricante non se poderá beneficiar sistematicamente das marxes de tolerancia.

4. Non se admitirá ningunha tolerancia no que se refire aos contidos mínimos ou máximos nin aos requisitos e ás características, especificados para os tipos de fertilizantes do anexo I.

#### Artigo 14. *Sistemas internos de control de calidade.*

1. O fabricante deberá realizar un seguimento analítico, con periodicidade, polo menos semestral, tanto dos ingredientes utilizados na fabricación como do produto final, para asegurarse de que se manteñen as riquezas garantidas.

2. Nos produtos con compoñentes orgánicos, o fabricante debe velar polo mantemento da composición, riquezas e demais características garantidas e asegurarse de que seguen a cumprir as condicións especificadas na regulación prevista no anexo V, mediante análises de control con periodicidade, ao menos trimestral, nestes casos.

3. Para cumprir coas obrigas que se prevén neste capítulo, os fabricantes deberán dispor dos seguintes medios, propios ou externos:

a) Unha persoa cualificada, responsable do control de calidade nas plantas elaboradoras do produto.

b) Un laboratorio para os controis analíticos correspondentes.

c) Un plan de control de calidade que prevexa procedementos, periodicidade e frecuencia de toma de mostras e análises, tanto dos ingredientes como do produto final.

#### Artigo 15. *Rastrexabilidade dos produtos fertilizantes.*

1. Para realizar e garantir a rastrexabilidade dos produtos fertilizantes pertencentes aos grupos 1, 4, 5 e 7 do anexo I utilizarase o mesmo procedemento establecido para os

«fertilizantes CE», en aplicación do Regulamento (CE) n.º 2003/2003 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de outubro de 2003.

2. Nos produtos fertilizantes pertencentes aos grupos 2, 3 e 6 do anexo I, garantirase a súa rastrexabilidade mediante procedementos que conteñan, polo menos, os seguintes elementos:

- a) Identidade do produto, de acordo co especificado no capítulo II.
- b) Numeración da partida ou do lote que lle corresponda na súa fabricación.
- c) Nome e enderezo da planta ou instalación onde se elabora o produto.
- d) Materias primas utilizadas na súa fabricación e os seus subministradores.
- e) Responsable da súa posta no mercado.

3. O sistema de rastrexabilidade establecido no número anterior deberá ter en conta os seguintes criterios:

a) Que permita coñecer todas as materias primas utilizadas no proceso de elaboración do produto fertilizante.

b) Todo produto fertilizante que se pon no mercado deberá ser identificado mediante unha numeración, partida ou lote, para permitir documentar a súa rastrexabilidade.

c) Cada variación das materias primas utilizadas como ingredientes ou dos procedementos de fabricación dun determinado produto fertilizante deberá corresponder cunha numeración, lote ou unidade de produción, e así se deberá rexistrar internamente e documentar.

d) Levar rexistros internos para poder identificar as materias primas utilizadas como ingredientes do produto final, así como os seus fabricantes ou subministradores.

e) Os rexistros internos estarán dispoñibles para as autoridades de inspección e control que o demanden, mentres o produto estea no mercado, e durante un período adicional de dous anos despois de que o fabricante deixe de o comercializar.

#### CAPÍTULO IV

##### **Materias primas**

###### *Artigo 16. Declaración de ingredientes.*

O fabricante deberá identificar ante a Administración competente que o requira todos os ingredientes que interveñen na fabricación dos produtos fertilizantes, coa porcentaxe en masa que corresponda a cada un deles, o proceso detallado seguido ata a obtención do produto final e os informes de proba e documentación pertinente, para demostrar que na elaboración do produto fertilizante se cumpren os requisitos exixidos neste capítulo.

###### *Artigo 17. Utilización de residuos.*

A utilización como ingrediente dalgún produto incluído na Lista europea de residuos, recollidos na Decisión 2001/118/CE da Comisión, do 16 de xaneiro de 2001, pola que se modifica a Decisión 2000/532/CE no que se refire á lista de residuos, estará sometida á correspondente autorización da autoridade ambiental do ámbito territorial onde se xera o residuo e, de ser o caso, a súa valorización, tanto para a fabricación de «fertilizantes CE» como de produtos fertilizantes recollidos no anexo I deste real decreto.

###### *Artigo 18. Materias orgánicas biodegradables.*

1. Para elaborar produtos fertilizantes dos grupos 2, 3 e 6 do anexo I, só está permitida a utilización de materias primas de orixe orgánica, animal ou vexetal, incluídas expresamente na lista de residuos orgánicos biodegradables do anexo IV.

2. As materias primas de orixe animal utilizadas na elaboración de produtos fertilizantes deberán cumprir os requisitos previstos no Regulamento (CE) n.º 1069/2009

do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009, e as correspondentes disposicións que o desenvolvan ou modifiquen.

3. Os produtos fertilizantes constituídos, total ou parcialmente, por residuos orgánicos biodegradables deberán cumprir, ademais, os requisitos que se definen no anexo V.

Artigo 19. *Nivel máximo de microorganismos.*

1. Os produtos que conteñan materias primas de orixe orgánica, animal ou vexetal, non poderán superar os valores máximos de microorganismos incluídos no anexo V.

2. Os produtos que conteñan materias primas de orixe vexetal deberán encontrarse exentos dos organismos nocivos citados no Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros. Isto sen prexuízo das disposicións específicas do citado Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, con respecto á introdución e ao tránsito de produtos vexetais.

Artigo 20. *Nivel máximo de metais pesados.*

Os produtos elaborados con materias primas de orixe orgánica, animal ou vexetal, non poderán superar o contido en metais pesados que corresponde ás clases A, B ou C do anexo V.

## CAPÍTULO V

### **Rexistro de produtos fertilizantes elaborados con materias de orixe orgánica**

Artigo 21. *Inscripción no rexistro.*

1. Os produtos fertilizantes incluídos nalgún dos grupos 2, 3 e 6 do anexo I só poderán ser postos no mercado se previamente foron inscritos no Rexistro de Produtos Fertilizantes da Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, a que se refire o artigo 25.

2. Para este fin, polo menos tres meses antes da data en que pretenda iniciar a comercialización dun novo produto, o fabricante deberá presentar unha solicitude de inscrición que conteña os datos especificados no artigo 24.1 á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios, que remitirá unha copia ao Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e á Secretaría de Estado de Medio Ambiente. No caso dos produtos recollidos na sección 1, do capítulo II, do anexo XI do Regulamento (UE) n.º 142/2011 da Comisión, do 25 de febreiro de 2011, que desenvolve o Regulamento (CE) n.º 1069/2009, remitirase, ademais, unha copia á Dirección Xeral de Sanidade da Produción Agraria.

3. A inscrición, que se deberá efectuar no prazo de tres meses, estará suxeita a que as características do produto fertilizante se axusten ás denominacións, formas de obtención, compoñentes, contidos en nutrientes e outros requisitos, especificados para cada un dos tipos de fertilizantes do anexo I. En ningún caso poderán ser obxecto de inscrición aqueles produtos que non cumpran algún dos requisitos previstos neste real decreto.

4. O prazo para resolver e notificar a resolución será de tres meses desde a data en que a solicitude tivese entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación, tendo en conta para estes efectos os posibles casos de suspensión do procedemento a que se refire o número 5 do artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Este prazo poderase ampliar de acordo co previsto no número 6 do artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Transcorrido este prazo, o fabricante poderá proceder á comercialización do seu produto salvo que, dentro deste, a Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios lle notifique que, á vista da solicitude e documentación presentadas, o produto fertilizante non se axusta a este real decreto.

Contra a resolución que denegue a inscrición dun produto fertilizante no Rexistro de Produtos Fertilizantes o interesado poderá interpor recurso de alzada ante o titular da Secretaría Xeral de Agricultura e Alimentación, nos termos previstos no artigo 114 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

5. Tamén deberán ser inscritas no Rexistro de Produtos Fertilizantes toda renovación, revisión ou calquera outra modificación da inscrición, así como a súa cancelación ou extinción.

#### Artigo 22. *Duración da inscrición.*

A inscrición terá unha validez de dez anos, sen que en ningún modo poida xerar, por si mesma, dereitos exclusivos de comercialización do produto. Esta inscrición poderá ser renovable, sempre que non se modifiquen os ingredientes utilizados como materias primas, nin a composición final do produto nin o tratamento ou proceso de fabricación.

#### Artigo 23. *Revisión da inscrición.*

1. A Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios procederá á revisión da inscrición a que se refire o artigo 21 cando existan indicios fundados de riscos na utilización do produto, de que xa non se cumpre algún dos requisitos establecidos na normativa vixente, de que a información que a sustentou contiña elementos falsos ou enganosos, ou ben porque a evolución dos coñecementos científicos e técnicos así o determine.

2. Para os efectos do seguimento de que os datos contidos nas solicitudes se axustan ao establecido na normativa aplicable en cada caso, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e o de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade poderán requirir, programada ou aleatoriamente, ao titular da inscrición a documentación xustificativa correspondente. Cando a avaliación desta documentación determine que se produce algunha das circunstancias previstas no número 1, procederase igualmente á revisión da inscrición.

3. Como consecuencia da revisión, poderase proceder a modificar ou, de ser o caso, a declarar nula a referida inscrición.

#### Artigo 24. *Requisitos da solicitude.*

1. A solicitude, tanto para a inscrición como para renovar a inscrición do produto, deberá estar redactada na lingua española oficial do Estado, e dirixirse, utilizando o modelo de formulario normalizado, ao director xeral de Producións e Mercados Agrarios, que inclúa, polo menos, os datos seguintes:

- a) Nome ou razón social, enderezo e número de identificación fiscal do fabricante como responsable do produto.
- b) Denominación do tipo de produto de acordo co sinalado no anexo I.
- c) Nome comercial do produto en España.
- d) Instalación onde se fabrica o produto.
- e) Declaración detallada de todas as materias primas utilizadas na súa fabricación, coa porcentaxe en masa que corresponda a cada unha delas. As materias primas de orixe orgánica detallaranse e identificaranse coa nomenclatura e código numérico (seis díxitos) do anexo IV, e o resto de ingredientes distintos dos fertilizantes minerais ou das emendas calcarias, denominación establecida na nomenclatura da International Union of Pure and Applied Chemistry (IUPAC), e se se dispón, o número Chemical Abstracts Service (CAS) ou o número CE.
- f) Descrición do proceso de fabricación.

- g) Forma de presentación do produto e modo de emprego.
- h) Declaración do contido en nutrientes, parámetros e demais características exixibles para o tipo de produto fertilizante a que corresponda, segundo o indicado nas columnas 5 e 6 do anexo I e no anexo V. O pH do produto declararase en todos os casos. Naqueles casos en que, por variacións no proceso de fabricación ou nas características da materia prima, os valores antes especificados poidan ter diferente magnitude, declararase os límites mínimo e máximo correspondentes.
- i) Certificado analítico do produto fertilizante, en que se recollan os contidos de nutrientes e demais requisitos indicados para cada tipo de fertilizante ou emenda, na columna 5 do anexo I, así como os parámetros especificados no anexo V. Este certificado analítico non será exixible cando o fabricante estea certificado por unha entidade certificadora.
- j) Cando da orixe da materia prima se poida sospeitar razoablemente a presenza de medicamentos, substancias con propiedades persistentes, bioacumulables e/ou tóxicas ou con risco para a saúde das persoas, animais ou ambiente, a autoridade competente poderá solicitar a determinación analítica dos seus contidos no produto fertilizante.
- k) Ficha de datos de seguridade naqueles supostos en que así o estableza o artigo 31 do Regulamento (CE) 1907/2006.

2. A solicitude a que se refire o número 1 presentarase no Rexistro Xeral do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente ou nos lugares previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Así mesmo, poderase presentar mediante medios electrónicos a través da sede electrónica do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

#### Artigo 25. *Contidos do Rexistro de Produtos Fertilizantes.*

O Rexistro de Produtos Fertilizantes, adscrito á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios, ten a finalidade de manter, respecto de cada un dos produtos inscritos, a seguinte información:

- a) Nome comercial.
- b) Tipo de produto fertilizante, conforme a clasificación do anexo I.
- c) Fabricante do produto, responsable da súa posta no mercado en España.
- d) Ingredientes utilizados na súa fabricación.
- e) Contido en nutrientes e outras características declarados.
- f) Clase de produto (A, B ou C), en canto aos seus contidos máximos en metais pesados.
- g) As limitacións e condicionamentos de uso, se as houber.
- h) Número de rexistro.
- i) Data de inscrición e caducidade desta.

#### Artigo 26. *Publicidade do Rexistro de Produtos Fertilizantes.*

1. A inscrición dun produto no Rexistro de Produtos Fertilizantes ten por obxecto que as administracións públicas e os cidadáns teñan coñecemento da súa posta no mercado e, se existen, as condicións específicas para a súa utilización.

2. O Rexistro de Produtos Fertilizantes será público, a través da páxina da internet do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, sen prexuízo da debida protección dos datos de carácter persoal, e manterá á disposición das entidades e cidadáns interesados a seguinte información:

- a) O nome e enderezo do fabricante, como persoa responsable da posta no mercado.
- b) O número de rexistro.
- c) A data de caducidade da inscrición.
- d) O tipo de produto, as súas riquezas garantidas e demais características.
- e) A clasificación de perigosidade, coa información establecida no artigo 10, punto 3.

## CAPÍTULO VI

### Adaptación dos anexos

#### Artigo 27. *Modificación dos anexos.*

1. As modificacións necesarias para adecuar os anexos deste real decreto ao progreso técnico e aos coñecementos científicos deberanse axustar ao procedemento establecido neste capítulo e nas instrucións do anexo VII.

2. O fabricante, as súas asociacións ou calquera outro interesado que desexen propor unha modificación ou actualización dos anexos, distinta da inclusión dun novo tipo no anexo I, deberán presentar a correspondente proposta á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios acompañada dun expediente técnico xustificativo da citada modificación.

3. A proposta de modificación dos anexos será sometida ao informe do comité de expertos, creado pola Orde APA/1593/2006, do 19 de maio, tras o cal emitirán informe preceptivamente o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, respecto da súa incidencia na saúde humana, e o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, respecto dos procedementos de fabricación.

4. As modificacións ou actualizacións do anexo V, por instancia de parte ou por iniciativa do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, contará co informe dun comité de expertos, tras o cal emitirá informe preceptivamente o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, respecto á súa viabilidade agronómica e á súa incidencia sobre o ambiente.

#### Artigo 28. *Inclusión de novos tipos de produtos fertilizantes.*

1. A modificación da relación vixente de tipos de produtos fertilizantes realizaraa o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, tanto por iniciativa propia, como dos departamentos ministeriais mencionados no número 4 ou dos órganos competentes das comunidades autónomas.

2. Así mesmo, o fabricante ou as súas asociacións, que desexen propor un novo tipo para a súa inclusión na relación de tipos de produtos fertilizantes do anexo I, ou a modificación da relación vixente, deberán presentar a correspondente proposta á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios, acompañada dun expediente técnico, de acordo co disposto no anexo VII.

3. Para establecer un novo tipo de produto fertilizante, este deberá reunir os requisitos indicados no artigo 4.2.

4. A proposta de inclusión dun novo tipo de produtos fertilizantes contará co informe do comité de expertos que propondrá, en cada caso, os ensaios que considere necesarios para avaliar as súas características e comportamento. Tras o citado informe do comité de expertos, emitirán informe preceptivamente sobre o novo tipo de produtos fertilizantes o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, respecto da súa incidencia na saúde humana, e o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, respecto dos seus procedementos de fabricación.

5. Unha vez comprobadas as súas propiedades e que reúne os requisitos anteriores, o Ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente poderá revisar ou actualizar, en consecuencia, a relación de tipos de produtos fertilizantes do anexo I, nos termos previstos na disposición derradeira segunda.

## CAPÍTULO VII

### Controis e réxime sancionador

#### Artigo 29. *Competencias.*

1. Corresponde ás distintas administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, a realización dos controis e inspeccións necesarios para asegurar o cumprimento do previsto no Regulamento (CE) n.º 2003/2003 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de outubro de 2003, e dos requisitos establecidos neste real decreto.

2. As inspeccións de vixilancia na fabricación, almacenamento, comercialización e utilización dos produtos fertilizantes, particularmente das riquezas nutritivas garantidas, así como a vixilancia dos seus niveis de seguridade, corresponden aos órganos competentes das comunidades autónomas que, en particular, controlarán o cumprimento das disposicións previstas no artigo 29 do Regulamento (CE) n.º 2003/2003 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de outubro de 2003, e neste real decreto.

#### Artigo 30. *Medidas de control.*

1. Os controis e inspeccións poderán ser sistemáticos, conforme os plans de control, ou extraordinarios, e realizaranse, segundo corresponda, nos puntos de inspección fronteirizos autorizados segundo o Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, e nas plantas de almacenaxe ou procesado e demais dependencias onde se almacenen ou comercialicen produtos fertilizantes, ou en calquera momento e lugar onde circulen ou estean tales produtos.

2. Cando se trate de fabricantes adscritos ao sistema de certificación a que se refire o artigo 2.43, esta adscrición será un factor para ter en conta na análise de risco previa á programación dos controis oficiais.

3. Prestarase unha especial atención aos fertilizantes a base de nitrato amónico con alto contido en nitróxeno, así como aos fertilizantes de mestura, previstos no grupo I do anexo I que utilicen como ingrediente nitrato amónico e cuxo contido en nitróxeno debido ao nitrato amónico sexa superior ao 16 por cento en masa, polo seu risco potencial de explosión. O fabricante presentará á autoridade competente os resultados do ensaio de detonabilidade, ao menos cinco días antes da posta no mercado ou da chegada do fertilizante ás fronteiras da Unión Europea no caso de importacións. Posteriormente, o fabricante seguirá garantindo que todas as partidas de fertilizante postas no mercado poden superar o ensaio antes mencionado.

4. Para os «fertilizantes CE» os métodos de toma de mostras e de análise serán os indicados no anexo IV do Regulamento (CE) n.º 2003/2003 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de outubro de 2003. Para os demais produtos fertilizantes, serán os indicados no anexo VI deste real decreto.

5. Se os resultados das análises inicial e contraditoria son ambos desconformes co reflectido na etiqueta, considerarase que non existe desacordo entre eles, sen ter que acudir á análise arbitral ou dirimente, salvo que a diferenza entre os dous resultados das análises sexa superior á tolerancia permitida.

6. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e as comunidades autónomas poderán establecer conxuntamente plans nacionais de control.

#### Artigo 31. *Laboratorios.*

1. Como instrumentos de apoio á realización das probas e controis que deban realizar as administracións públicas, os órganos competentes das comunidades autónomas designarán os laboratorios públicos e autorizarán, de ser o caso, os laboratorios privados, que realizarán as seguintes funcións:

- a) As análises das mostras tomadas na execución dos programas de vixilancia.



b) As análises, de ser o caso, a que se refire o artigo 29.2 do Regulamento (CE) n.º 2003/2003 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de outubro de 2003, ademais do previsto neste real decreto en materia de control de calidade para o resto de produtos fertilizantes.

2. Os laboratorios designados ou autorizados deberán estar acreditados de acordo coa norma EN ISO/IEC 17025 Requisitos xerais para a competencia dos laboratorios de ensaio e de calibración, en relación con, polo menos, un dos métodos do anexo VI.

3. Os laboratorios designados ou autorizados deberán participar nas actuacións coordinadas de harmonización das técnicas e dos métodos que se deban utilizar, determinados polo Laboratorio Nacional de Referencia.

4. As comunidades autónomas comunicarán a súa lista de laboratorios designados ou autorizados para os ámbitos previstos nos artigos 27 e 29 do Regulamento (CE) n.º 2003/2003 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de outubro de 2003, e ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, que confeccionará a lista daqueles, para a súa remisión á Comisión Europea, en aplicación do artigo 30 do Regulamento (CE) n.º 2003/2003 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de outubro de 2003.

5. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente difundirá e actualizará a través da súa páxina da internet a lista de laboratorios competentes, públicos designados e privados autorizados, que poidan intervir na realización das análises (inicial e contraditoria) establecidas polo Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria.

6. No caso de que unha comunidade autónoma teña motivos xustificadas para considerar que un laboratorio, inicialmente autorizado, carece da competencia exixida, deberá propor esta cuestión ante o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para iniciar as actuacións previstas no artigo 30 do Regulamento (CE) n.º 2003/2003 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de outubro de 2003.

7. O Laboratorio Arbitral Agroalimentario do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente será competente para a realización da análise de conformidade dos «fertilizantes CE», prevista no artigo 29 do Regulamento (CE) n.º 2003/2003 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de outubro de 2003, e dos fertilizantes regulados neste real decreto, así como para efectuar as análises dirimentes. O Laboratorio Arbitral Agroalimentario, oídas as comunidades autónomas, désignase como laboratorio nacional de referencia.

8. As funcións e actuacións do laboratorio nacional de referencia citado no punto anterior serán as mesmas que as especificadas no artigo 33 do Regulamento (CE) n.º 882/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, sobre os controis oficiais efectuados para garantir a verificación do cumprimento da lexislación en materia de pensos e alimentos e a normativa sobre saúde animal e benestar dos animais.

#### Artigo 32. *Medidas provisionais.*

1. As autoridades competentes e, de ser o caso, os inspectores acreditados poderán adoptar de forma motivada, por razóns de urxencia ou necesidade, medidas provisionais de carácter cautelar, nos termos establecidos na normativa sancionadora aplicable.

2. Así mesmo, se as comunidades autónomas comprobán que un produto fertilizante específico constitúe un risco para a seguridade ou a saúde humana, animal ou vexetal, ou un risco para o ambiente, poderán paralizar a posta no mercado de tal produto fertilizante ou sometelo a condicións especiais, de acordo co establecido nas respectivas leis reguladoras e, en concreto, no artigo 31.2 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

3. Se algunha comunidade autónoma adopta algunha das decisións sinaladas anteriormente, porao en coñecemento do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e informará sobre os motivos que xustifiquen a súa decisión.

4. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente informará inmediatamente disto as demais comunidades autónomas e, se o fertilizante é un «fertilizante CE», informárase, polas canles establecidas, a Comisión Europea e os demais Estados membros, para que se poña en marcha o mecanismo previsto no artigo 15 do Regulamento (CE) n.º 2003/2003 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de outubro de 2003.

5. Se se trata dun produto inscrito no Rexistro de Produtos Fertilizantes previsto no capítulo V, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente suspenderá a súa inscrición temporalmente e fará a correspondente anotación no citado rexistro, nun prazo máximo de quince días a partir da recepción da información, mentres se proceda á revisión da inscrición, o que será notificado ás partes.

6. No caso dos produtos fertilizantes non previstos no número anterior, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente iniciará o procedemento de modificación dos anexos correspondentes, conforme o previsto no capítulo VI.

#### Artigo 33. *Réxime sancionador.*

No caso de incumprimento do disposto no Regulamento (CE) n.º 2003/2003 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de outubro de 2003, para os «fertilizantes CE», ou neste real decreto, será de aplicación a normativa sancionadora vixente na materia e, en concreto, o Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e a produción agroalimentaria.

#### Disposición adicional primeira. *Procedemento para modificar a relación de «fertilizantes CE».*

1. A relación de «fertilizantes CE» vixente está contida no anexo I do Regulamento (CE) n.º 2003/2003 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de outubro de 2003, e é modificada pola Unión Europea seguindo o procedemento previsto nos seus artigos 31 e 32.

2. O fabricante de fertilizantes que desexe propor un novo tipo de «fertilizante CE», ou a modificación dos que aparecen no anexo I do Regulamento (CE) n.º 2003/2003 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de outubro de 2003, deberá presentar á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios un expediente técnico que xustifique a súa proposta, seguindo as instrucións que fixou a Comisión Europea no anexo V do citado regulamento.

#### Disposición adicional segunda. *Lista de establecementos que se pretenden inspeccionar.*

Para os efectos da realización dos controis a que se refire o capítulo VII, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente poderá remitir anualmente ás autoridades competentes das comunidades autónomas, para os efectos de coordinación, unha lista de establecementos susceptibles de seren obxecto de inspección por aquelas.

#### Disposición adicional terceira. *Recoñecemento mutuo.*

Conserva a súa validez o principio do mutuo recoñecemento extensivo aos produtos lexitimamente fabricados ou comercializados noutros países da Unión Europea, nos países asinantes do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo e nos Estados que teñan un acordo de asociación alfandegueira coa Unión Europea, de acordo coa súa propia normativa e acompañado da correspondente documentación acreditativa, previamente á súa posta no mercado español.

Disposición adicional cuarta. *Exportación.*

Os produtos fertilizantes exclusivamente destinados á exportación que non cumpran as disposicións deste real decreto deberán estar etiquetados de forma que se identifiquen inequivocamente como tales e que as súas referencias se correspondan co contido e composición de produto.

Disposición adicional quinta. *Rexistro.*

O Rexistro de Produtos Fertilizantes será atendido cos medios persoais e materiais existentes no Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, sen que o seu funcionamento supoña ningún incremento de gasto público.

Disposición transitoria primeira. *Comercialización.*

Os produtos inscritos no Rexistro de Produtos Fertilizantes, segundo o Real decreto 824/2005, do 8 de xullo, poderanse comercializar de acordo coa citada normativa, ata a data de caducidade da súa autorización.

Disposición transitoria segunda. *Etiquetaxe.*

Os produtos fertilizantes actualmente comercializados poderán seguir etiquetándose de acordo co Real decreto 824/2005, do 8 de xullo, ata 18 meses despois da entrada en vigor deste real decreto.

Disposición transitoria terceira. *Tramitación de expedientes.*

As solicitudes pendentes de resolución e inscrición no Rexistro de Produtos Fertilizantes axustaranse aos requisitos fixados neste real decreto, respecto aos trámites non realizados. Así mesmo, as solicitudes pendentes de modificación de produtos fertilizantes xa inscritos rexeranse polo disposto no presente real decreto.

Disposición transitoria cuarta. *Laboratorios autorizados.*

Os laboratorios aínda non acreditados que demostren que iniciaron e están seguindo os procedementos de acreditación necesarios conforme a norma EN ISO/IEC 17025 en relación con un ou varios dos métodos do anexo VI, e que demostren á autoridade competente que participan en ensaios interlaboratorios con resultados positivos, poderán ser autorizados ata o 31 de decembro de 2016.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións se opoñan ao establecido neste real decreto e, expresamente, as seguintes:

- a) O Real decreto 824/2005, do 8 de xullo, sobre produtos fertilizantes.
- b) O artigo 2 do Real decreto 108/2010, do 5 de febreiro, polo que se modifican diversos reais decretos en materia de agricultura e industrias agrarias, para a súa adaptación á Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso das actividades de servizos e o seu exercicio.
- c) A Orde APA/863/2008, do 25 de marzo, pola que se modifican os anexos I, II, III e IV do Real decreto 824/2005, do 8 de xullo, sobre produtos fertilizantes.
- d) A Orde PRE/630/2011, do 23 de marzo, pola que se modifican os anexos I, II, III, IV, V e VI do Real decreto 824/2005, do 8 de xullo, sobre produtos fertilizantes.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

O disposto neste real decreto ten o carácter de normativa básica, ao abeiro do establecido no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica. A regulación contida nos artigos 18, 19 e 20, nos anexos IV e V deste real decreto e na súa disposición adicional cuarta, dítanse ao abeiro do disposto no artigo 149.1.16.<sup>a</sup> e 23.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre bases e coordinación xeral da sanidade, sanidade exterior e lexislación básica sobre protección do ambiente, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

1. Facúltanse os ministros de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, e de Industria, Enerxía e Turismo, no ámbito das súas respectivas competencias, para adoptaren as normas de aplicación e desenvolvemento deste real decreto.

2. Facúltase o ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para modificar os anexos I, II, III, IV, VI e VII, de acordo co procedemento establecido no capítulo VI, así como para aprobar o modelo normalizado de solicitude sinalado no capítulo V.

3. Facúltase a ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade para modificar o anexo V, de acordo co procedemento establecido no capítulo VI.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 28 de xuño de 2013.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,  
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN

## ANEXO I

### RELACIÓN DE TIPOS DE PRODUTOS FERTILIZANTES

GRUPO 1. FERTILIZANTES INORGÁNICOS NACIONAIS

GRUPO 2. FERTILIZANTES ORGÁNICOS

GRUPO 3. FERTILIZANTES ÓRGANO-MINERAIS

GRUPO 4. OUTROS FERTILIZANTES E PRODUTOS ESPECIAIS

GRUPO 5. EMENDAS CALCARIAS

GRUPO 6. EMENDAS ORGÁNICAS

GRUPO 7. OUTRAS EMENDAS

Grupo 1. FERTILIZANTES INORGÁNICOS NACIONAIS  
1.1. FERTILIZANTES INORGÁNICOS CON NUTRIENTES PRINCIPAIS

1.1.1. NITROXENADOS

| N.º | Denominación do tipo                                    | Informacións sobre a forma de obtención e os compoñentes esenciais   | Contido mínimo en nutrientes (porcentaxe en masa) Información sobre a avaliación dos nutrientes. Outros requisitos | Outras informacións sobre a denominación do tipo ou da etiquetaxe  | Contido en nutrientes que se debe declarar e garantir. Formas e solubilidade dos nutrientes. Outros criterios |
|-----|---|--|--|--|---|
| 1   | 2   | 3  | 4  | 5  | 6   |
| 01  | Solución amoniacaal                                     | Produto obtido por vía química cuxo compoñente esencial é o amoniaco en auga.  | 20% de N total, en forma amoniacaal  | Auga amoniacaal  | Nitróxeno amoniacaal  |
| 02  | Amoniaco anhídrido                                      | Produto obtido por vía química, que contén como compoñente esencial o amoniaco anhídrido (NH <sub>3</sub> ) licuado a presión        | 80% de N total, en forma amoniacaal  |  | Nitróxeno amoniacaal  |
| 03  | Solución de nitrato amónico e amoniaco, con ou sen urea | Produto obtido por vía química mediante unha disolución estable á presión atmosférica de nitrato amónico, amoniaco, con ou sen urea. | 35% de N total, en forma nítrica, amoniacaal e, de ser o caso, ureica.<br>- Contido máximo en biuret: 0,5%         |  | - Nitróxeno total<br>- Nitróxeno amoniacaal<br>- Nitróxeno nítrico<br>- Nitróxeno ureico (se procede)         |
| 04  | Ácido nítrico   | Produto obtido por vía química, cuxo compoñente principal é o ácido nítrico  | 10% de N total, en forma nítrica   |  | Nitróxeno nítrico   |
| 05  | Solución ácida de fertilizante nitroxenado con xofre    | Produto obtido por vía química, mediante reacción controlada de ácido sulfúrico con urea   | - 8% de N total, en forma ureica<br>- 40% de SO <sub>3</sub> soluble en auga                                       |  | - Nitróxeno ureico<br>- Trióxido de xofre soluble en auga   |
| 06  | Solución de sulfato amónico – nitrato amónico           | Produto líquido obtido quimicamente ou por disolución en auga, cuxos compoñentes principais son sulfato amónico e nitrato amónico.   | - 9% de N total<br>- N amoniacaal: 7,5%<br>- N nítrico: 1,5%<br>- 12% de SO <sub>3</sub> soluble en auga           | A denominación do tipo poderá ir seguida, segundo os casos, por unha ou varias das mencións seguintes:<br>• Para aplicación directa ao solo<br>• Para fabricación de solucións nutritivas<br>• Para fertirrigación | - Nitróxeno total<br>- Nitróxeno amoniacaal<br>- Nitróxeno nítrico<br>- Trióxido de xofre soluble en auga     |

| N.º | Denominación do tipo           | Informacións sobre a forma de obtención e os compoñentes esenciais  | Contido mínimo en nutrientes (porcentaxe en masa) Información sobre a avaliación dos nutrientes. Outros requisitos  | Outras informacións sobre a denominación do tipo ou da etiquetaxe | Contido en nutrientes que se debe declarar e garantir. Formas e solubilidade dos nutrientes. Outros criterios  |
|-----|--------------------------------|---|---|---|--|
| 07  | Fertilizante nitroxenado mixto | Produto obtido por combinación química ou por mestura de fertilizantes CE nitroxenados simples, con excepción de urea con nitrato amónico e aqueles que sexan incompatibles quimicamente. | <ul style="list-style-type: none"> <li>- 20% de N total</li> <li>- 4% de N, ao menos, en dúas das seguintes formas: nítrica, amoniacal ou ureica</li> <li>- Contido máximo en biuret: 0,8%</li> </ul> | Nome dos fertilizantes CE utilizados na súa obtención             | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Nitróxeno total</li> <li>- Se superan o 1%: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Nitróxeno nítrico</li> <li>- Nitroxeno amoniacal</li> <li>- Nitroxeno ureico</li> </ul> </li> </ul>  |
| 08  | Solución nitroxenada           | Produto líquido obtido quimicamente e/ou por disolución en auga, en forma estable á presión atmosférica, sen incorporación de materia orgánica de orixe animal ou vexetal.                | <ul style="list-style-type: none"> <li>- 15% de N total</li> <li>- Contido máximo en biuret: N ureico x 0,026</li> </ul>  |   | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Nitróxeno total</li> <li>- Se superan o 0,5%: <ul style="list-style-type: none"> <li>o Nitróxeno nítrico</li> <li>o Nitróxeno amoniacal</li> <li>o Nitróxeno ureico</li> </ul> </li> <li>- Poderán declararse: <ul style="list-style-type: none"> <li>- CaO soluble en auga (se supera o 0,2%),</li> <li>- MgO soluble en auga (se supera o 0,2%) e</li> <li>- SO<sub>3</sub> soluble en auga (se supera o 2,5%).</li> </ul> </li> <li>- Se o contido en biuret é inferior ao 0,2% poderá incluírse a indicación "Pobre en biuret"</li> </ul> |

| N.º | Denominación do tipo                           | Informacións sobre a forma de obtención e os compoñentes esenciais   | Contido mínimo en nutrientes (porcentaxe en masa) Información sobre a avaliación dos nutrientes. Outros requisitos   | Outras informacións sobre a denominación do tipo ou da etiquetaxe | Contido en nutrientes que se debe declarar e garantir. Formas e solubilidade dos nutrientes. Outros criterios   |
|-----|--|--|--|---|---|
| 09  | Solución nitroxenada con elementos secundarios | Produto líquido obtido quimicamente e/ou por disolución en auga, en forma estable á presión atmosférica, sen incorporación de materia orgánica de orixe animal ou vexetal. | <ul style="list-style-type: none"> <li>- 6% de N total e, ao menos,</li> <li>- 17% de SO<sub>3</sub> soluble en auga</li> <li>ou</li> <li>- 5% de CaO soluble en auga e/ou</li> <li>- 4% de MgO soluble en auga</li> <li>- Contido máximo en biuret: N ureico x 0,026</li> </ul> |   | <p>Nitróxeno total</p> <p>Se superan o 0,5%:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>o Nitróxeno nítrico</li> <li>o Nitróxeno amoniacal</li> <li>o Nitróxeno ureico</li> </ul> <p>- CaO soluble en auga cando supere o 5%</p> <p>- MgO soluble en auga cando supere o 4%</p> <p>- SO<sub>3</sub> soluble en auga cando supere o 17%.</p> <p>Poderán declararse:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- CaO soluble en auga (se supera o 0,2%),</li> <li>- MgO soluble en auga (se supera o 0,2%) e</li> <li>- SO<sub>3</sub> soluble en auga (se supera o 2,5%).</li> </ul> <p>- Se o contido en biuret é inferior ao 0,2% poderá incluírse a indicación "Pobre en biuret"</p> |
| 10  | Solución de tiosulfato amónico                 | Produto obtido por vía química cuxo compoñente esencial é o tiosulfato amónico.  | 10% de N total, en forma amoniacal<br>54% de SO <sub>3</sub> soluble en auga, do cal polo menos o 90% está presente en forma de tiosulfato   |   | <p>Nitróxeno amoniacal</p> <p>Trióxido de xofre (SO<sub>3</sub>) soluble en auga</p> <p>Trióxido de xofre (SO<sub>3</sub>) soluble en auga en forma de tiosulfato</p>   |



## 1.1.2. FOSFATADOS

| N.º | Denominación do tipo | Informacións sobre a forma de obtención e os compoñentes esenciais                 | Contido mínimo en nutrientes (porcentaxe en masa) Información sobre a avaliación dos nutrientes. Outros requisitos   | Outras informacións sobre a denominación do tipo ou da etiquetaxe | Contido en nutrientes que se debe declarar e garantir. Formas e solubidade dos nutrientes. Outros criterios |
|-----|----------------------|--|--|---|---|
| 1   | 2                    | 3  | 4  | 5   | 6   |
| 01  | Ácido fosfórico      | Produto obtido por vía química e cuxo compoñente principal é o ácido ortofosfórico | - 40% P <sub>2</sub> O <sub>5</sub> soluble en auga.<br>- Fósforo en forma de pentóxido de fósforo (P <sub>2</sub> O <sub>5</sub> ) do ácido ortofosfórico |   | Pentóxido de fósforo (P <sub>2</sub> O <sub>5</sub> ) soluble en auga                                       |

## 1.1.3. POTÁSICOS

| N.º | Denominación do tipo            | Informacións sobre a forma de obtención e os compoñentes esenciais   | Contido mínimo en nutrientes (porcentaxe en masa) Información sobre a avaliación dos nutrientes. Outros requisitos                              | Outras informacións sobre a denominación do tipo ou da etiquetaxe  | Contido en nutrientes que se debe declarar e garantir. Formas e solubidade dos nutrientes. Outros criterios  |
|-----|---------------------------------|--|---|--|--|
| 1   | 2                               | 3  | 4   | 5  | 6  |
| 01  | Solución potásica               | Produto obtido por vía química e/ou física, posto en solución acuosa, que contén como compoñentes esenciais substancias portadoras de potasio, sen incorporación de materia orgánica de orixe animal ou vexetal. | - 6% de K <sub>2</sub> O soluble en auga  | As solucións potásicas en que o potasio proceda exclusivamente do sulfato potásico poderanse denominar "Solución de sulfato potásico". | - Óxido de potasio soluble en auga<br>- Contido en cloruro<br>- Contido en SO <sub>3</sub> soluble en auga (se supera o 2,5%)  |
| 02  | Solución de tiosulfato potásico | Produto obtido por vía química cuxo compoñente esencial é o tiosulfato potásico.   | 20% de K <sub>2</sub> O soluble en auga<br>33% de SO <sub>3</sub> soluble en auga, do cal polo menos o 90% está presente en forma de tiosulfato |  | Óxido de potasio (K <sub>2</sub> O) soluble en auga<br>Trióxido de xofre (SO <sub>3</sub> ) soluble en auga<br>Trióxido de xofre (SO <sub>3</sub> ) soluble en auga en forma de tiosulfato |

## 1.1.4. FERTILIZANTES COMPOSTOS LÍQUIDOS

| N.º | Denominación do tipo | Informacións sobre a forma de obtención e os compoñentes esenciais  | Contido mínimo en nutrientes (porcentaxe en masa) Información sobre a avaliación dos nutrientes. Outros requisitos   | Outras informacións sobre a denominación do tipo ou da etiquetaxe | Contido en nutrientes que se debe declarar e garantir. Formas e solubidade dos nutrientes. Outros criterios   |
|-----|----------------------|---|--|---|---|
| 1   | 2                    | 3   | 4  | 5   | 6   |
| 01  | Solución NPK         | Produto obtido quimicamente e por disolución en auga, en forma estable á presión atmosférica, sen incorporación de materia orgánica de orixe animal ou vexetal. | <ul style="list-style-type: none"> <li>- N + P<sub>2</sub>O<sub>5</sub> + K<sub>2</sub>O: 7%</li> <li>- N total: 1%</li> <li>- P<sub>2</sub>O<sub>5</sub>: 1%</li> <li>- K<sub>2</sub>O: 1%</li> <li>- Contido máximo en biuret: N ureico x 0,026</li> </ul> |   | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Nitróxeno total</li> <li>- Se superan o 0,5%:               <ul style="list-style-type: none"> <li>o Nitróxeno nítrico</li> <li>o Nitróxeno amoniacal</li> <li>o Nitróxeno ureico</li> </ul> </li> <li>- P<sub>2</sub>O<sub>5</sub> soluble en auga</li> <li>- K<sub>2</sub>O soluble en auga</li> <li>- Poderán declararse:               <ul style="list-style-type: none"> <li>- CaO soluble en auga (se supera o 0,2%),</li> <li>- MgO soluble en auga (se supera o 0,2%) e</li> <li>- SO<sub>3</sub> soluble en auga (se supera o 2,5%).</li> </ul> </li> <li>- Se o contido en biuret é inferior ao 0,2% poderá incluírse a indicación "Pobre en biuret"</li> </ul>                    |
| 02  | Solución NP          | Produto obtido quimicamente e por disolución en auga, en forma estable á presión atmosférica, sen incorporación de materia orgánica de orixe animal ou vexetal. | <ul style="list-style-type: none"> <li>- N + P<sub>2</sub>O<sub>5</sub>: 9%</li> <li>- N total: 1%</li> <li>- P<sub>2</sub>O<sub>5</sub>: 1%</li> <li>- Contido máximo en biuret: N ureico x 0,026</li> </ul>  |   | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Nitróxeno total</li> <li>- Se superan o 0,5%:               <ul style="list-style-type: none"> <li>o Nitróxeno nítrico</li> <li>o Nitróxeno amoniacal</li> <li>o Nitróxeno ureico</li> </ul> </li> <li>- P<sub>2</sub>O<sub>5</sub> soluble en auga</li> <li>- Poderán declararse:               <ul style="list-style-type: none"> <li>- K<sub>2</sub>O soluble en auga (se supera o 0,5%)</li> <li>- CaO soluble en auga (se supera o 0,2%),</li> <li>- MgO soluble en auga (se supera o 0,2%) e</li> <li>- SO<sub>3</sub> soluble en auga (se supera o 2,5%).</li> </ul> </li> <li>- Se o contido en biuret é inferior ao 0,2% poderá incluírse a indicación "Pobre en biuret"</li> </ul> |

| N.º | Denominación do tipo | Informacións sobre a forma de obtención e os compoñentes esenciais  | Contido mínimo en nutrientes (porcentaxe en masa) Información sobre a avaliación dos nutrientes. Outros requisitos  | Outras informacións sobre a denominación do tipo ou da etiquetaxe | Contido en nutrientes que se debe declarar e garantir. Formas e solubidade dos nutrientes. Outros criterios   |
|-----|----------------------|---|---|---|---|
| 1   | 2                    | 3   | 4   | 5   | 6   |
| 03  | Solución NK          | Produto obtido quimicamente e por disolución en auga, en forma estable á presión atmosférica, sen incorporación de materia orgánica de orixe animal ou vexetal. | <ul style="list-style-type: none"> <li>- N + K<sub>2</sub>O: 7%</li> <li>- N total: 1%</li> <li>- K<sub>2</sub>O: 1%</li> <li>- Contido máximo en biuret: N ureico x 0,026</li> </ul> |   | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Nitróxeno total</li> <li>- Se superan o 0,5%:               <ul style="list-style-type: none"> <li>o Nitróxeno nítrico</li> <li>o Nitróxeno amoniacal</li> <li>o Nitróxeno ureico</li> </ul> </li> <li>- K<sub>2</sub>O soluble en auga</li> <li>- Poderán declararse:               <ul style="list-style-type: none"> <li>P<sub>2</sub>O<sub>5</sub> soluble en auga (se supera o 0,5%),</li> <li>CaO soluble en auga (se supera o 0,2%),</li> <li>MgO soluble en auga (se supera o 0,2%) e</li> <li>SO<sub>3</sub> soluble en auga (se supera o 2,5%).</li> </ul> </li> <li>- Se o contido en biuret é inferior ao 0,2% poderán incluírse a indicación "Pobre en biuret"</li> </ul> |
| 04  | Solución PK          | Produto obtido quimicamente e por disolución en auga, en forma estable á presión atmosférica, sen incorporación de materia orgánica de orixe animal ou vexetal. | <ul style="list-style-type: none"> <li>- P<sub>2</sub>O<sub>5</sub> + K<sub>2</sub>O: 7%</li> <li>- P<sub>2</sub>O<sub>5</sub>: 1%</li> <li>- K<sub>2</sub>O: 1%</li> </ul>           |   | <ul style="list-style-type: none"> <li>- P<sub>2</sub>O<sub>5</sub> soluble en auga</li> <li>- K<sub>2</sub>O soluble en auga</li> <li>- Poderán declararse:               <ul style="list-style-type: none"> <li>N total (se supera o 0,5%),</li> <li>CaO soluble en auga (se supera o 0,2%),</li> <li>MgO soluble en auga (se supera o 0,2%) e</li> <li>SO<sub>3</sub> soluble en auga (se supera o 2,5%).</li> </ul> </li> </ul>   |

| N.º | Denominación do tipo | Informacións sobre a forma de obtención e os compoñentes esenciais  | Contido mínimo en nutrientes (percentaxe en masa) Información sobre a avaliación dos nutrientes. Outros requisitos   | Outras informacións sobre a denominación do tipo ou da etiquetaxe | Contido en nutrientes que se debe declarar e garantir. Formas e solubidade dos nutrientes. Outros criterios   |
|-----|----------------------|---|--|---|---|
| 1   | 2                    | 3   | 4  | 5   | 6   |
| 05  | Suspensión NPK       | Produto en forma líquida, cuxos elementos nutrientes proceden de substancias tanto en suspensión como disoltas en auga, sen incorporación de materia orgánica de orixe animal ou vexetal. | <ul style="list-style-type: none"> <li>- N + P<sub>2</sub>O<sub>5</sub> + K<sub>2</sub>O: 20%</li> <li>- N total: 2%</li> <li>- P<sub>2</sub>O<sub>5</sub> soluble en citrato amónico neutro e auga: 4%</li> <li>- K<sub>2</sub>O soluble en auga: 4%</li> <li>- Contido máximo en biuret: N ureico x 0,026</li> </ul> |   | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Nitróxeno total</li> <li>- Se superan o 1%:               <ul style="list-style-type: none"> <li>o Nitróxeno nítrico</li> <li>o Nitróxeno amoniacal</li> <li>o Nitróxeno ureico</li> </ul> </li> <li>- P<sub>2</sub>O<sub>5</sub> soluble en auga</li> <li>- P<sub>2</sub>O<sub>5</sub> soluble en citrato amónico neutro e auga</li> <li>- K<sub>2</sub>O soluble en auga</li> <li>- Poderán declararse:               <ul style="list-style-type: none"> <li>- CaO soluble en auga (se supera o 0,5%),</li> <li>- MgO soluble en auga (se supera o 0,3%) e</li> <li>- SO<sub>3</sub> soluble en auga (se supera o 2,5%).</li> </ul> </li> <li>- Se o contido en biuret é inferior ao 0,2% poderá incluírse a indicación "Pobre en biuret"</li> </ul> |

### 1.2. FERTILIZANTES INORGÁNICOS CON NUTRIENTES SECUNDARIOS

Nota 1. Especificarase se o produto é para aplicación foliar, para fertirrigación, en solucións nutritivas, en substratos inertes ou en varias destas formas

Nota 2. Os únicos axentes quelantes ou complexantes autorizados son os reflectidos nos puntos 1.2.3 ou 1.2.4 deste anexo, os cales se poderán denominar polas súas abreviaturas tamén alí indicadas.

Nota 3. Se un nutriente está presente en forma quelada ou complexada, haberá que indicar en que intervalo de pH se garante unha boa estabilidade destas fraccións, para cada unha das súas formas de aplicación.

#### 1.2.1. CUN SÓ NUTRIENTE SECUNDARIO

| N.º | Denominación do tipo        | Informacións sobre a forma de obtención e os compoñentes esenciais                                   | Contido mínimo en nutrientes (percentaxe en masa) Información sobre a avaliación dos nutrientes. Outros requisitos | Outras informacións sobre a denominación do tipo ou da etiquetaxe | Contido en nutrientes que se debe declarar e garantir. Formas e solubilidade dos nutrientes. Outros criterios      |
|-----|-----------------------------|--|--|---|--|
| 1   | 2                           | 3  | 4  | 5   | 6  |
| 01  | Cloruro cálcico             | Produto obtido quimicamente que se compón esencialmente de cloruro cálcico                           | 12% de CaO soluble en auga   | pH  | Óxido de calcio (CaO) soluble en auga  |
| 02  | Acetato cálcico             | Produto obtido quimicamente que se compón esencialmente de acetato cálcico soluble en auga           | 12% de CaO soluble en auga   | pH  | Óxido de calcio (CaO) soluble en auga  |
| 03  | Solución de acetato cálcico | Produto líquido obtido quimicamente ou por disolución que se compón esencialmente de acetato cálcico | 6% de CaO soluble en auga  | pH  | Óxido de calcio (CaO) soluble en auga  |
| 04  | Quelato de calcio           | Produto soluble en auga obtido por combinación química de calcio con axentes quelantes               | 10% de CaO soluble en auga (ao menos 8/10 do contido declarado debe estar quelado)                                 | Nome dos axentes quelantes  | - Óxido de calcio (CaO) soluble en auga<br>- Óxido de calcio (CaO) quelado por cada un dos axentes quelantes       |
| 05  | Solución de calcio quelado  | Produto obtido por disolución en auga do tipo 04   | 2% de CaO soluble en auga (ao menos 8/10 do contido declarado debe estar quelado)                                  | Nome dos axentes quelantes  | - Óxido de calcio (CaO) soluble en auga<br>- Óxido de calcio (CaO) quelado por cada un dos axentes quelantes       |
| 06  | Calcio complexado           | Produto soluble en auga obtido por combinación química de calcio con axentes complexantes            | 5% de CaO soluble en auga (ao menos 5/10 do contido declarado debe estar complexado)                               | Nome dos axentes complexantes                                     | - Óxido de calcio (CaO) soluble en auga<br>- Óxido de calcio (CaO) complexado por cada un dos axentes complexantes |

| N.º | Denominación do tipo            | Informacións sobre a forma de obtención e os compoñentes esenciais                          | Contido mínimo en nutrientes (porcentaxe en masa) Información sobre a avaliación dos nutrientes. Outros requisitos | Outras informacións sobre a denominación do tipo ou da etiquetaxe | Contido en nutrientes que se debe declarar e garantir. Formas e solubilidade dos nutrientes. Outros criterios          |
|-----|---------------------------------|---|--|---|--|
| 1   | 2                               | 3   | 4  | 5   | 6  |
| 07  | Solución de calcio complexado   | Produto obtido por disolución en auga do tipo 06  | 2% de CaO soluble en auga (ao menos 5/10 do contido declarado debe estar complexado)                               | Nome dos axentes complexantes                                     | - Óxido de calcio (CaO) soluble en auga<br>- Óxido de calcio (CaO) complexado por cada un dos axentes complexantes     |
| 08  | Quelato de magnesio             | Produto soluble en auga obtido por combinación química de magnesio con axentes quelantes    | 6% de MgO soluble en auga (ao menos 8/10 do contido declarado debe estar quelado)                                  | Nome dos axentes quelantes  | - Óxido de magnesio (MgO) soluble en auga<br>- Óxido de magnesio (MgO) quelado por cada un dos axentes quelantes       |
| 09  | Solución de magnesio quelado    | Produto obtido por disolución en auga do tipo 08  | 1% de MgO soluble en auga (ao menos 8/10 do contido declarado debe estar quelado)                                  | Nome dos axentes quelantes  | - Óxido de magnesio (MgO) soluble en auga<br>- Óxido de magnesio (MgO) quelado por cada un dos axentes quelantes       |
| 10  | Magnesio complexado             | Produto soluble en auga obtido por combinación química de magnesio con axentes complexantes | 3% de MgO soluble en auga (ao menos 5/10 do contido declarado debe estar complexado)                               | Nome dos axentes complexantes                                     | - Óxido de magnesio (MgO) soluble en auga<br>- Óxido de magnesio (MgO) complexado por cada un dos axentes complexantes |
| 11  | Solución de magnesio complexado | Produto obtido por disolución en auga do tipo 10  | 1% de MgO soluble en auga (ao menos 5/10 do contido declarado debe estar complexado)                               | Nome dos axentes complexantes                                     | - Óxido de magnesio (MgO) soluble en auga<br>- Óxido de magnesio (MgO) complexado por cada un dos axentes complexantes |
| 12  | Xofre elemental con arxila      | Produto obtido por mestura de xofre elemental ao estado fundido e de arxila.                | 80% de S (200% SO <sub>3</sub> ).  |   | - Trióxido de xofre (SO <sub>3</sub> ) en forma elemental  |

## 1.2.2. CON MÁIS DUN NUTRIENTE SECUNDARIO

| N.º | Denominación do tipo           | Informacións sobre a forma de obtención e os compoñentes esenciais                | Contido mínimo en nutrientes (porcentaxe en masa) Información sobre a avaliación dos nutrientes. Outros requisitos   | Outras informacións sobre a denominación do tipo ou da etiquetaxe | Contido en nutrientes que se debe declarar e garantir. Formas e solubilidade dos nutrientes. Outros criterios  |
|-----|--------------------------------|---|--|---|--|
| 1   | 2                              | 3   | 4  | 5   | 6  |
| 01  | Mestura sólida de Ca e Mg      | Produto obtido por mestura de produtos a base de Ca e Mg                          | <ul style="list-style-type: none"> <li>- A suma mínima de CaO e MgO debe ser un 6% da masa do fertilizante, cun mínimo de 2% de CaO soluble en auga e 2% de MgO soluble en auga.</li> <li>- Ademais, cando o Ca e/ou o Mg estean presentes en forma quelada: 1% de CaO e/ou 0,5% de MgO, quelados por cada un dos axentes quelantes.</li> <li>- Ademais, cando o Ca e/ou o Mg estean presentes en forma complexada: 1% de CaO e/ou 0,5% de MgO, complexados por cada un dos axentes complexantes.</li> </ul> | Nome dos axentes quelantes ou complexantes, de ser o caso<br>pH   | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Óxido de calcio (CaO) soluble en auga</li> <li>• Óxido de magnesio (MgO) soluble en auga</li> </ul> <p>Se algún dos nutrientes secundarios está quelado ou complexado, para cada un dos axentes quelantes ou complexantes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Óxido de calcio (CaO) quelado ou complexado</li> <li>• Óxido de magnesio (MgO) quelado ou complexado</li> </ul> |
| 02  | Mestura líquida de Ca e Mg     | Produto líquido obtido por mestura de produtos a base de Ca e Mg                  | <p>A suma mínima de CaO e MgO debe ser un 2% da masa do fertilizante, cun mínimo de:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• 0,5% de CaO soluble en auga, cando estea presente en forma mineral, quelada ou complexada.</li> <li>• 0,3% de MgO soluble en auga, cando estea presente en forma mineral, quelada ou complexada.</li> </ul>  | Nome dos axentes quelantes ou complexantes, de ser o caso<br>pH   | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Óxido de calcio (CaO) soluble en auga</li> <li>• Óxido de magnesio (MgO) soluble en auga</li> </ul> <p>Se algún dos nutrientes secundarios está quelado ou complexado, para cada un dos axentes quelantes ou complexantes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Óxido de calcio (CaO) quelado ou complexado</li> <li>• Óxido de magnesio (MgO) quelado ou complexado</li> </ul> |
| 03  | Solución de tiosulfato cálcico | Produto obtido por vía química cuxo compoñente esencial é o tiosulfato de calcio. | 6% de CaO soluble en auga<br>17% de SO <sub>3</sub> soluble en auga, do cal polo menos o 90% está presente en forma de tiosulfato  |   | Óxido de calcio (CaO) soluble en auga<br>Trióxido de xofre (SO <sub>3</sub> ) soluble en auga<br>Trióxido de xofre (SO <sub>3</sub> ) soluble en auga en forma de tiosulfato   |

### 1.2.3 LISTA DE MATERIAS ORGÁNICAS AUTORIZADAS PARA QUELAR Ca ou Mg

| Ácidos ou sales de sodio, potasio ou amonio de: |        |                         | N.º CAS  |
|---|--------|-------------------------|----------|
| Ácido etilen diamino tetraacético               | EDTA   | $C_{10}H_{16}O_8N_2$    | 60-00-4  |
| Ácido dietilen triamino pentaacético            | DTPA   | $C_{14}H_{23}O_{10}N_3$ | 67-43-6  |
| 02  | Emenda calcaria Carbonato cálcico-magnésico                     | Produto de orixe natural que contén como compoñente esencial o carbonato cálcico magnésico                     | 29% de CaO e 13% de MgO, ambos en forma de carbonato  | - Dolomita<br>- Dolomía<br>- Calcaria dolomítica   | CaO total<br>MgO total<br>Clase granulométrica<br>Valor neutralizante   |
| 03  | Emenda calcaria Carbonato cálcico magnésico calcinado           | Produto obtido por calcinación de carbonato cálcico magnésico, que contén como compoñentes esenciais CaO e MgO | - 45% de CaO e 25% de MgO, ambos en forma de óxido  | - Dolomita calcinada<br>- Dolomía calcinada<br>- Calcaria dolomítica calcinada                               | CaO total<br>MgO total<br>Clase granulométrica<br>Valor neutralizante   |
| 04  | Emenda calcaria Carbonato cálcico magnésico calcinado e apagado | Produto obtido por calcinación e hidratación de carbonato cálcico magnésico.                                   | 45% de CaO e 15% de MgO, ambos en forma de hidróxido  | - Dolomita calcinada e apagada<br>- Dolomía calcinada e apagada<br>- Calcaria dolomítica calcinada e apagada | CaO total<br>MgO total<br>Clase granulométrica<br>Valor neutralizante   |
| 05  | Emenda calcaria cal vivo  | Produto obtido por calcinación de rocha calcaria, que contén como compoñente esencial CaO                      | - 77% de CaO en forma de óxido de calcio  | Poderanse engadir as denominacións usuais no comercio  | - CaO total<br>- Clase granulométrica<br>- Valor neutralizante  |
| 06  | Emenda calcaria cal apagado                                     | Produto obtido por hidratación do cal vivo   | - 56% de CaO en forma de hidróxido  | Hidróxido de calcio  | - CaO total<br>- Clase granulométrica<br>- Valor neutralizante  |

| N.º | Denominación do tipo                             | Informacións sobre a forma de obtención e os compoñentes esenciais  | Contido mínimo en nutrientes (percentaxe en masa) Información sobre a avaliación dos nutrientes Outros requisitos                        | Outras informacións sobre a denominación do tipo ou da etiquetaxe                | Contido en nutrientes que se debe declarar e garantir. Formas e solubilidade dos nutrientes. Outros criterios |
|-----|--|---|--|--|---|
| 1   | 2  | 3   | 4  | 5  | 6   |
| 07  | Emenda calcaria<br>Suspensión de cal             | Produto obtido por suspensión acuosa dalgun dos tipos 05 e/ou 06  | - 25% de CaO en forma de hidróxido<br>- Contido en cloruro menor do 2%<br>- Contido en óxido de sodio menor do 2%                        | Coadada de cal   | - CaO total<br>- Clase granulométrica<br>- Valor neutralizante  |
| 08  | Emenda calcaria<br>Suspensión de cal e magnesio  | Produto obtido por suspensión acuosa de hidróxidos ou óxidos de calcio (tipos 04 e/ou 05) e de hidróxido de magnesio (tipo fertilizante CE) | - 25% de (MgO + CaO), cun mínimo do 5% para cada un deles<br>- Contido en cloruro menor do 2%<br>- Contido en óxido de sodio menor do 2% | Coadada de cal e magnesio, coada de dolomita calcinada ou suspensión de dolomita | - CaO total<br>- MgO total<br>- Clase granulométrica<br>- Valor neutralizante                                 |
| 09  | Emenda calcaria<br>Escuma azucreira              | Produto obtido no proceso de fabricación de azucre a partir de remolacha  | - 20% de (CaO + MgO)   |  | - CaO total<br>- Humidade<br>- Valor neutralizante  |
| 10  | Emenda calcaria<br>Margas                        | Rocha sedimentaria constituída esencialmente por mestura de materiais calcarios e arxilosos   | - 25% de CaO en forma de carbonato   |  | - CaO total<br>- Clase granulométrica<br>- Valor neutralizante  |
| 11  | Emenda calcaria<br>Carbonato magnésico           | Produto que contén como compoñente esencial o carbonato magnésico   | - 40% de MgO en forma de carbonato   |  | - MgO total<br>- Clase granulométrica<br>- Valor neutralizante  |
| 12  | Emenda calcaria<br>Óxido de magnesio (magnesita) | Produto que contén como compoñente esencial o óxido de magnesio   | - 20% de MgO en forma de óxido   |  | - MgO total<br>- Clase granulométrica<br>- Valor neutralizante  |
| 13  | Emenda calcaria<br>Merl                          | Produto que contén como compoñente esencial algas mariñas calcificadas  | - 42% de CaO e 2.5% de MgO, ambos en forma de carbonato  |  | - CaO total<br>- MgO total<br>- Clase granulométrica<br>- Valor neutralizante                                 |

| N.º | Denominación do tipo                    | Informacións sobre a forma de obtención e os compoñentes esenciais                           | Contido mínimo en nutrientes (porcentaxe en masa) Información sobre a avaliación dos nutrientes Outros requisitos | Outras informacións sobre a denominación do tipo ou da etiquetaxe | Contido en nutrientes que se debe declarar e garantir. Formas e solubidade dos nutrientes. Outros criterios |
|-----|---|--|---|---|---|
| 1   | 2                                       | 3  | 4   | 5   | 6   |
| 14  | Emenda calcaria<br>Emenda cálcica mixta | Produto obtido por mestura de emendas calcarías recollidas nos tipos anteriores.             | - 25% de CaO  |   | - CaO total<br>- Clase granulométrica<br>- Valor neutralizante  |
| 15  | Emenda cálcico-magnésica mixta          | Produto obtido por mestura de emendas cálcicas e magnésicas recollidas nos tipos anteriores. | - 25% de (CaO + MgO), cun mínimo do 5% para cada un deles   |   | - CaO total<br>- MgO total<br>- Clase granulométrica<br>- Valor neutralizante                               |

**NOTA: Clasificación granulométrica**

Po: polo menos o 98% debe pasar polo cribo de 1 mm, e o 80% polo de 0,25 mm

Moído: polo menos o 80% debe pasar polo cribo de 5 mm

Granulado: produto en po, granulado artificialmente. A granulometría específica do produto deberá ser dada polo fabricante, e polo menos o 98% deberá pasar polo cribo de 5 mm, salvo nos produtos 04, 06, 14 e 15 deste grupo, que poderá chegar ata 7mm



## Grupo 6. EMENDAS ORGÁNICAS

| N.º | Denominación do tipo            | Informacións sobre a forma de obtención e os compoñentes esenciais  | Contido mínimo en nutrientes (porcentaxe en masa) Información sobre a avaliación dos nutrientes<br>Outros requisitos   | Outras informacións sobre a denominación do tipo ou da etiquetaxe   | Contido en nutrientes que se debe declarar e garantir.<br>Formas e solubidade dos nutrientes.<br>Outros criterios   |
|-----|---------------------------------|---|--|---|---|
|     | 2                               | 3   | 4  | 5   | 6   |
| 01  | Emenda orgánica húmica          | Produto de orixe animal ou vexetal, ou por tratamento de leonardita, lignito ou turba, cun contido mínimo en materia orgánica parcialmente humificada   | - Materia orgánica total: 25%<br>- Extracto húmico total (ácidos húmicos + ácidos fúlvicos): 5%<br>- Ácidos húmicos: 3%<br>- Humidade máxima: 40%  | - pH<br>- Condutividade eléctrica<br>- Relación C/N<br>- Humidade mínima e máxima<br>- Tratamento ou proceso de elaboración, segundo a descrición indicada na columna 3                                 | - Materia orgánica total<br>- C orgánico<br>- Ácidos húmicos<br>- Nitróxeno orgánico (se supera o 1%)<br>- P <sub>2</sub> O <sub>5</sub> total (se supera o 1%)<br>- K <sub>2</sub> O total (se supera o 1%)  |
| 02  | Emenda orgánica Compost         | Produto hixienizado e estabilizado, obtido mediante descomposición biolóxica aeróbica (incluíndo fase termofílica), baixo condicións controladas, de materiais orgánicos biodegradables do anexo IV, recollidos separadamente | - Materia orgánica total: 35%<br>- Humidade máxima: 40%<br>- C/N < 20<br>- Non poderá conter impurezas nin inertes de ningún tipo tales como pedras, gravas, metais, vidros ou plásticos<br>- O 90% das partículas pasarán pola malla de 25 mm | - pH<br>- Condutividade eléctrica<br>- Relación C/N<br>- Humidade mínima e máxima<br>- Materias primas utilizadas<br>- Tratamento ou proceso de elaboración, segundo a descrición indicada na columna 3 | - Materia orgánica total<br>- C orgánico<br>- N total (se supera o 1%)<br>- N orgánico (se supera o 1%)<br>- N amoniacal (se supera o 1%)<br>- P <sub>2</sub> O <sub>5</sub> total (se supera o 1%)<br>- K <sub>2</sub> O total (se supera o 1%)<br>- Ácidos húmicos<br>- Granulometría |
| 03  | Emenda orgánica Compost vexetal | Produto hixienizado e estabilizado, obtido mediante descomposición biolóxica aeróbica (incluíndo fase termofílica), exclusivamente de follas, herba cortada e restos vexetais ou de poda, baixo condicións controladas        | - Materia orgánica total: 40%<br>- Humidade máxima: 40%<br>- C/N < 15<br>- Non poderá conter impurezas nin inertes de ningún tipo tales como pedras, gravas, metais, vidros ou plásticos   | - pH<br>- Condutividade eléctrica<br>- Relación C/N<br>- Humidade mínima e máxima<br>- Tratamento ou proceso de elaboración, segundo a descrición indicada na columna 3                                 | - Materia orgánica total<br>- C orgánico<br>- N total (se supera o 1%)<br>- N orgánico (se supera o 1%)<br>- N amoniacal (se supera o 1%)<br>- P <sub>2</sub> O <sub>5</sub> total (se supera o 1%)<br>- K <sub>2</sub> O total (se supera o 1%)<br>- Ácidos húmicos<br>- Granulometría |

| N.º | Denominación do tipo                                   | Informacións sobre a forma de obtención e os compoñentes esenciais  | Contido mínimo en nutrientes (porcentaxe en masa) Información sobre a avaliación dos nutrientes Outros requisitos   | Outras informacións sobre a denominación do tipo ou da etiquetaxe   | Contido en nutrientes que se debe declarar e garantir. Formas e solubilidade dos nutrientes. Outros criterios   |
|-----|--|---|---|---|---|
| 1   | 2  | 3   | 4   | 5   | 6   |
| 04  | Emenda orgánica<br>Compost de esterco                  | Produto hixienizado e estabilizado, obtido mediante descomposición biolóxica aeróbica (incluíndo fase termofílica), exclusivamente de esterco, baixo condicións controladas | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Materia orgánica total: 35%</li> <li>- Humidade máxima: 40%</li> <li>- C/N &lt; 20</li> </ul> Non poderá conter impurezas nin inertes de ningún tipo tales como: pedras, gravas, metais, vidros ou plásticos | <ul style="list-style-type: none"> <li>- pH</li> <li>- Condutividade eléctrica</li> <li>- Relación C/N</li> <li>- Humidade mínima e máxima</li> <li>- Tratamento ou proceso de elaboración, segundo a descrición indicada na columna 3</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Materia orgánica total</li> <li>- C orgánico</li> <li>- N total (se supera o 1%)</li> <li>- N orgánico (se supera o 1%)</li> <li>- N amoniacal (se supera o 1%)</li> <li>- P<sub>2</sub>O<sub>5</sub> total (se supera o 1%)</li> <li>- K<sub>2</sub>O total (se supera o 1%)</li> <li>- Ácidos húmicos</li> <li>- Granulometría</li> </ul>        |
| 05  | Emenda orgánica<br>Vermicompost                        | Produto estabilizado obtido a partir de materiais orgánicos, por dixestión con vermes, baixo condicións controladas   | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Materia orgánica total: 30%</li> <li>- Humidade máxima: 40%</li> <li>- C/N &lt; 20</li> <li>- O 90% das partículas pasarán pola malla de 25mm</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>- pH</li> <li>- Condutividade eléctrica</li> <li>- Relación C/N</li> <li>- Humidade mínima e máxima</li> <li>- Poderanse engadir as denominacións usuais no comercio</li> </ul>                            | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Materia orgánica total</li> <li>- C orgánico</li> <li>- N total (se supera o 1%)</li> <li>- N orgánico (se supera o 1%)</li> <li>- P<sub>2</sub>O<sub>5</sub> total (se supera o 1%)</li> <li>- K<sub>2</sub>O total (se supera o 1%)</li> <li>- Ácidos húmicos</li> <li>- Granulometría</li> <li>- Tipo ou tipos de esterco empregados</li> </ul> |
| 06  | Emenda orgánica<br>Turba de carriza<br>(Tipo Sphagnum) | Produto orgánico procedente de turbeiras altas, formadas principalmente por carrizas do xénero Sphagnum   | Materia orgánica total : 90% (s.m.s.)   | <ul style="list-style-type: none"> <li>- pH</li> <li>- Condutividade eléctrica</li> <li>- Relación C/N</li> <li>- Humidade mínima e máxima</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Materia orgánica total.</li> <li>- Materia orgánica total (s.m.s.)</li> <li>- N total (se supera o 1%)</li> <li>- Granulometría</li> </ul>   |
| 07  | Emenda orgánica<br>Turba herbácea                      | Produto orgánico procedente de turbeiras baixas, formadas principalmente por especies herbáceas (Carex, Phragmites, etc.)   | Materia orgánica total: 45% (s.m.s.)  | <ul style="list-style-type: none"> <li>- pH</li> <li>- Condutividade eléctrica</li> <li>- Relación C/N</li> <li>- Humidade mínima e máxima</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Materia orgánica total</li> <li>- Materia orgánica total (s.m.s.)</li> <li>- N total (se supera o 1%)</li> <li>- Granulometría</li> </ul>  |

| N.º | Denominación do tipo           | Informacións sobre a forma de obtención e os compoñentes esenciais   | Contido mínimo en nutrientes (porcentaxe en masa) Información sobre a avaliación dos nutrientes Outros requisitos   | Outras informacións sobre a denominación do tipo ou da etiquetaxe   | Contido en nutrientes que se debe declarar e garantir. Formas e solubilidade dos nutrientes. Outros criterios   |
|-----|--------------------------------|--|---|---|---|
| 1   | 2                              | 3  | 4   | 5   | 6   |
| 08  | Augas de vexetación desecadas  | Produto procedente de lagares cun proceso posterior de secado para reducir a súa fitotoxicidade  | Materia orgánica total: 25%<br>Humidade máxima: 25%<br>Contido máximo en polifenoles: 0,8%<br>Non poderá conter impurezas nin inertes de ningún tipo tales como pedras, gravas, metais, vidros ou plásticos.                      | <ul style="list-style-type: none"> <li>• pH</li> <li>• Conducitividade eléctrica</li> <li>• Relación C/N</li> <li>• Humidade mínima e máxima</li> <li>• Tratamento ou proceso de elaboración, segundo a descrición indicada na columna 3</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Materia orgánica total</li> <li>• C orgánico</li> <li>• N total e N orgánico (se superan o 1%)</li> <li>• Outras formas de N (se superan o 1%)</li> <li>• P<sub>2</sub>O<sub>5</sub> total (se supera o 1%)</li> <li>• K<sub>2</sub>O total (se supera o 1%)</li> <li>• Ácidos húmicos</li> <li>• Granulometría</li> </ul> |
| 09  | Compost de augas de vexetación | Produto obtido por descomposición biolóxica e estabilización da materia orgánica procedente das augas de vexetación, baixo condicións que permitan un desenvolvemento de temperaturas termofílicas | Materia orgánica total: 45%<br>Humidade máxima: 40%<br>Relación C/N < 20<br>Contido máximo en polifenoles: 0,8%<br>Non poderá conter impurezas nin inertes de ningún tipo tales como pedras, gravas, metais, vidros ou plásticos. | <ul style="list-style-type: none"> <li>• pH</li> <li>• Conducitividade eléctrica</li> <li>• Relación C/N</li> <li>• Humidade mínima e máxima</li> <li>• Tratamento ou proceso de elaboración, segundo a descrición indicada na columna 3</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Materia orgánica total</li> <li>• C orgánico</li> <li>• N total e N orgánico (se superan o 1%)</li> <li>• Outras formas de N (se superan o 1%)</li> <li>• P<sub>2</sub>O<sub>5</sub> total (se supera o 1%)</li> <li>• K<sub>2</sub>O total (se supera o 1%)</li> <li>• Ácidos húmicos</li> <li>• Granulometría</li> </ul> |

## Grupo 7. OUTRAS EMENDAS

| N.º | Denominación do tipo               | Informacións sobre a forma de obtención e os compoñentes esenciais   | Contido mínimo en nutrientes (percentaxe en masa) Información sobre a avaliación dos nutrientes<br>Outros requisitos   | Outras informacións sobre a denominación do tipo ou da etiquetaxe | Contido en nutrientes que se debe declarar e garantir.<br>Formas e solubilidade dos nutrientes.<br>Outros criterios  |
|-----|------------------------------------|--|--|---|--|
| 1   | 2                                  | 3  | 4  | 5   | 6  |
| 01  | Emenda Pedra de xeso               | Produto de orixe natural constituído esencialmente por sulfato cálcico dihidratado   | - 25% de CaO<br>- 35% de SO <sub>3</sub>   | Sulfato cálcico dihidratado                                       | - CaO total<br>- SO <sub>3</sub> total<br>- Clase granulométrica   |
| 02  | Emenda Anhidrita                   | Produto de orixe natural constituído esencialmente por sulfato de calcio anhidro   | - 30% de CaO<br>- 45% de SO <sub>3</sub>   |   | - CaO total<br>- SO <sub>3</sub> total<br>- Clase granulométrica   |
| 03  | Emenda Sulfato cálcico precipitado | Produto obtido no proceso industrial de fabricación do ácido fosfórico   | - 25% de CaO<br>- 35% de SO <sub>3</sub>   | Poderanse engadir as denominacións usuais no comercio.            | - CaO total<br>- SO <sub>3</sub> total<br>- Clase granulométrica   |
| 04  | Emenda retedora de humidade        | Produto a base de homopolímero e/ou copolímero de sal potásico do ácido propenamida-propenoico (nº CAS: 25608-12-2), que pode conter, ademais, polímeros de sal amónico, rocha volcánica e/ou un fertilizante CE ou do grupo 1 | - Capacidade de absorción en auga destilada: 450g H <sub>2</sub> O / 100 g produto<br>- Capacidade de absorción en solución de (NO <sub>3</sub> ) <sub>2</sub> Ca a 2 gr/l: 150 gr H <sub>2</sub> O / 100 gr produto<br>- Contido en polímeros hidroabsorbentes: 7% p/p<br>- Contido máximo en monómeros de acrilamida: 0,002% p/p<br>- Contido máximo en ácido acrílico (propenoico): 600 mg/kg |   | - % Polímeros hidroabsorbentes<br>- Capacidade de absorción en auga destilada<br>- Contido en monómeros de acrilamida e en ácido acrílico<br>- Todo o exixido para o fertilizante que entra na mestura, se procede |

**NOTA: Clasificación granulométrica**

Po: polo menos o 98% debe pasar polo cribo de 1 mm, e o 80% polo de 0,25 mm

Moído: polo menos o 80% debe pasar polo cribo de 5 mm

Granulado: produto en po, granulado artificialmente. A granulometría específica do produto deberá ser dada polo fabricante, sen que poida superar os 5 mm

## ANEXO II

**DISPOSICIÓN XERAIS DE IDENTIFICACIÓN E ETIQUETAXE**

As únicas indicacións relativas ao produto que se admitirán en etiquetas e documentos de acompañamento serán as seguintes:

- As identificacións e mencións obrigatorias da epígrafe A.
- As identificacións e mencións facultativas da epígrafe B.

Todas as indicacións obrigatorias e facultativas deberán estar claramente separadas de calquera outra información que figure nas etiquetas, envases e documentos de acompañamento.

**A. IDENTIFICACIÓN E MENCIÓN OBRIGATORIAS**

As etiquetas e documentos de acompañamento de todos os produtos fertilizantes, nos cales se inclúen os fertilizantes, os fertilizantes especiais e as emendas, que correspondan a un dos tipos relacionados no anexo I, deberán axustar ás seguintes indicacións:

**1. Respecto á denominación do tipo.**

- a) A denominación do tipo do produto fertilizante, en letras maiúsculas, de conformidade coa columna 2 dos cadros do anexo I.
- b) Nos produtos de mestura, a mención "DE MESTURA" na denominación do tipo.
- c) No caso dos fertilizantes, á denominación do tipo engadiranse os símbolos químicos dos nutrientes principais, seguidos a continuación, entre parénteses, polos símbolos dos nutrientes secundarios obrigatoriedade declarados.
- d) Cando se declaren micronutrientes que fosen incorporados como fertilizante mineral, as palabras "con micronutrientes" ou a palabra "con" seguida do nome ou nomes dos micronutrientes presentes e dos seus símbolos químicos.
- e) Na denominación do tipo soamente se poderán incluír as cifras que indiquen o contido en nutrientes principais e secundarios. Os números que indiquen o contido en nutrientes principais na orde establecida pola citada denominación, que se referirán ao contido global de cada elemento nas formas e solubilidades que se deben declarar e garantir segundo cada tipo de produto (columnas 5 e 6 dos cadros do anexo I). Os contidos en nutrientes secundarios obrigatoriedade declarados indicaranse, entre parénteses, a continuación do contido dos nutrientes principais.
- f) Cando nas instrucións específicas se indique que o produto pode ser utilizado en fertirrigación, o fertilizante deberá ter a solubilidade definida no número 23 do artigo 2, e incorporarse, tras a denominación do tipo, a mención seguinte: "Fertilizante hidrosoluble".

**Un exemplo para ilustrar as indicacións e mencións anteriores.**

**Trátase dun fertilizante órgano-mineral NPK, produto sólido que contén as seguintes riquezas:**

- **10% de carbono (C) orgánico;**
- **7% de nitróxeno (N) total, 5% de nitróxeno (N) orgánico, 2% de nitróxeno (N) amoniacal;**
- **10% de pentóxido de fósforo (P<sub>2</sub>O<sub>5</sub>) soluble en citrato amónico neutro e en auga;**
- **7% de óxido de potasio (K<sub>2</sub>O) soluble en auga;**
- **3% de óxido de calcio (CaO) soluble en auga;**
- **2,4% de óxido de magnesio (MgO) soluble en auga**
- **0,1% de ferro (Fe) total; 0,02% de zinc (Zn) total.**

**A denominación será:**

**FERTILIZANTE ÓRGANO-MINERAL NPK (Ca-Mg) 7-10-7 (3 – 2,4) con ferro (Fe) e zinc (Zn)**

## 2. Respecto ao contido.

O contido en nutrientes que se debe declarar e garantir, nas formas e solubilidades que corresponda, reflíctese na columna 6 dos cadros do anexo I. A indicación dos elementos nutritivos farase tanto coa súa denominación literal coma co seu símbolo químico.

### 2.1. Expresión dos nutrientes principais.

- a) O contido do nitróxeno, fósforo e potasio expresarase na etiquetaxe do modo seguinte:
  - o nitróxeno unicamente en forma de elemento (N);
  - o fósforo unicamente en forma de pentóxido de fósforo ( $P_2O_5$ );
  - o potasio unicamente en forma de óxido de potasio ( $K_2O$ );
- b) O contido dos nutrientes principais declararase en porcentaxe en masa, en números enteiros ou, en caso necesario, se existe un método de análise adecuado, cun decimal.
- c) Ademais, salvo que nas denominacións do tipo do anexo I se estableza expresamente que se indique doutra maneira, os nutrientes principais expresarase:
  - i. O nitróxeno (N), nas seguintes formas: nítrico, amoniacal, ureico e orgánico;
  - ii. O pentóxido de fósforo ( $P_2O_5$ ), nas súas dúas solubilidades: soluble en auga, e soluble en auga e en citrato amónico neutro;
  - iii. O óxido de potasio ( $K_2O$ ) soluble en auga.

### 2.2. Expresión dos nutrientes secundarios.

- a) Tanto nos produtos do grupo 1.2 como nos dos grupos 1.1, 2, 3, 4 e 6 do anexo I que conteñan nutrientes secundarios, deberase declarar o contido en calcio, magnesio, sodio e xofre, sempre que estes elementos estean presentes, ao menos, nas cantidades mínimas seguintes, salvo que nos requisitos específicos do tipo se dispoñan outros valores:
  - 2 % de óxido de calcio (CaO),
  - 2 % de óxido de magnesio (MgO),
  - 3 % de óxido de sodio ( $Na_2O$ ),
  - 5 % de trióxido de xofre ( $SO_3$ ).
- b) O contido do calcio, magnesio, sodio e xofre expresarase unicamente en forma de óxido (CaO, MgO,  $Na_2O$  e  $SO_3$ ).
- c) O contido destes nutrientes declararase en porcentaxe en masa, en números enteiros ou, en caso necesario, se existe un método de análise adecuado, cun decimal.
- d) A declaración do contido en sodio e xofre nos produtos fertilizantes efectuarase dunha das seguintes maneiras:
  - o contido total;

- o contido total e o contido soluble en auga, cando esa solubilidade alcance ao menos unha cuarta parte do contido total;
  - cando un elemento sexa completamente soluble en auga, unicamente se declarará o contido soluble en auga.
- e) En canto ao contido en calcio e magnesio, salvo que na denominación do tipo do anexo I se dispoña o contrario, unicamente deberá declararse a porcentaxe soluble en auga.
- f) Cando un nutriente secundario estea ligado quimicamente a algunha molécula orgánica, a continuación do contido soluble en auga declararase inmediatamente este contido do nutriente, seguido polas expresións “quelado por” ou “complexado por” e o nome da ou das moléculas orgánicas, tal e como figuran nos puntos 1.2.3 ou 1.2.4 do anexo I. O nome das moléculas orgánicas poderá ser substituído polas súas abreviaturas.
- g) As indicacións que figuran con carácter xeral como notas no punto 1.2 do anexo I

### 2.3. Expresión dos micronutrientes.

- a) O contido dos micronutrientes cobalto (Co), cobre (Cu), ferro (Fe), manganeso (Mn), molibdeno (Mo) e zinc (Zn) declararase nos fertilizantes dos grupos 1.1, 1.2, 3 e 4, sempre que cumpran as dúas condicións seguintes:
- Que estes micronutrientes se engadan como fertilizante mineral ao produto fertilizante, en cantidades polo menos iguais aos contidos mínimos que figuran no punto 1.3.4 do anexo I.
  - Que o produto siga cumprindo os requisitos indicados no seu grupo correspondente do anexo I.
- b) O contido en boro (B) declararase sempre que estea presente en cantidades iguais ou superiores aos contidos mínimos que figuran no punto 1.3.4 do anexo I, independentemente de se se engadiu como fertilizante mineral ou se é ingrediente normal da materia prima destinada a proporcionar nutrientes principais e secundarios.
- c) O contido dos micronutrientes declararase en porcentaxe en masa, expresada co máximo de decimais indicados no punto 1.3.4 do anexo I.
- d) O contido de micronutrientes declararase do modo seguinte:
- No caso dos fertilizantes inorgánicos que só declaran un micronutriente, de conformidade co prescrito na súa columna 6.
  - No resto dos casos, indicarase:
    - o contido total,
    - o contido soluble en auga, cando o contido soluble abranga como mínimo a metade do contido total.
    - cando un micronutriente sexa totalmente soluble en auga, só se declarará o contido soluble en auga.

- e) Cando un micronutriente estea ligado quimicamente a algunha molécula orgánica, o contido do nutriente presente no produto fertilizante declararase inmediatamente a continuación do contido soluble en auga, seguido polas expresións “quelado por” ou “complexado por” e o nome da ou das moléculas orgánicas, tal e como figuran na lista E.3.1 do anexo I do Regulamento (CE) nº 2003/2003 e no punto 1.3.5 do anexo I do presente real decreto. O nome das moléculas orgánicas poderá ser substituído polas súas abreviaturas.
- f) Os micronutrientes que conteña o produto fertilizante enumeraranse por orde alfabética dos seus símbolos químicos: B, Co, Cu, Fe, Mn, Mo, Zn.
- g) As indicacións que figuran con carácter xeral como notas no punto 1.3 do anexo I
- h) Na etiqueta do envase, no que respecta aos produtos incluídos no punto 1.3 do anexo I, con excepción dos do tipo 1.3.4, debaixo das indicacións obrigatorias ou facultativas, deberá aparecer o texto seguinte: *“Utilícese soamente en caso de recoñecida necesidade. Non exceder as doses adecuadas.”*

### **3. Respecto a outros contidos e características.**

- a) Nos produtos líquidos, o contido en nutrientes expresarase en porcentaxe en masa. Poderase incluír tamén o equivalente da masa en relación co volume (quilogramos por hectolitro ou gramos por litro).
- b) Nos produtos fertilizantes elaborados con materias primas de orixe orgánica deberanse declarar os ingredientes que interveñen na súa fabricación, coa porcentaxe en masa que corresponde a cada un deles.
- c) O resto de informacións, tales como: pH, condutividade eléctrica (dS/m), ácidos húmicos, carbono orgánico, materia orgánica, etc, que aparecen nas columnas 5 e 6 dos cadros do anexo I, deberán declararse a continuación das riquezas garantidas.
- d) Nos produtos con compoñentes orgánicos (anexo V), deberase indicar a clasificación a que corresponda (A, B ou C), de acordo co anexo V, e engadir: *“Contido en metais pesados inferior aos límites autorizados para esta clasificación”*.
- e) Nos produtos fertilizantes dos grupos 2, 3 e 6 deberase declarar o contido en cobre (Cu) e zinc (Zn) cando excedan os límites máximos de concentración correspondentes á clase A (70 e 200 mg/kg de materia seca, respectivamente), sen que se poidan superar as cantidades da clase C.
- f) Nos fertilizantes do grupo 4 que conteñan aminoácidos libres, débese incluír o proceso seguido na súa obtención:
  - Nos hidrolizados, a materia prima que se hidroliza.
  - Nos de fermentación, de ser o caso, o microorganismo utilizado.
  - Nos de síntese, o método utilizado.

### **4. Respecto ás instrucións de uso e aplicación.**

As instrucións específicas sobre doses que se deben empregar e método de aplicación, para o solo e o cultivo en que se utilizará o produto fertilizante, serán de exclusiva responsabilidade do fabricante, e respectarán as normas fixadas neste real decreto.

Cando unha comunidade autónoma regule a utilización de determinados fertilizantes ou establecese zonas de especial protección, o fabricante deberá facilitar ao agricultor unha información adicional á etiqueta con estes requisitos.



## **5. Outras informacións que se deberán incluír nas etiquetas.**

- a) Os produtos fertilizantes elaborados con subprodutos de orixe animal deberán incluír na etiqueta ou documentos de acompañamento as indicacións exixidas no Regulamento (CE) nº 1069/2009 e disposicións que o desenvolven.
- b) Os produtos fertilizantes líquidos só se poderán pór no mercado se o fabricante dá as oportunas instrucións adicionais referentes á temperatura de almacenamento.
- c) No caso dos produtos fertilizantes clasificados como perigosos deberase incluír a clasificación de perigosidade de acordo co establecido no artigo 10.3.  
  
P102 Manter fóra do alcance dos nenos.  
P270 Non comer, beber nin fumar durante a súa utilización  
  
Ou ben as frases de seguridade seguintes de conformidade co Real decreto 255/2003, do 28 de febreiro, durante o período transitorio:  
  
S2 Mantéñase fóra do alcance dos nenos  
S13 Mantéñase lonxe de alimentos, bebidas e pensos.
- e) A indicación da cantidade expresada en masa (quilogramos) neta ou bruta. En caso de que se indique a masa bruta, deberase indicar ao lado a masa da tara. Cando se trate de produtos líquidos, ademais da masa, a cantidade poderá ser expresada en volume (litros).
- f) O número de inscrición no Rexistro de Produtos Fertilizantes, de ser o caso.
- g) Nos produtos fertilizantes dos grupos 2, 3 e 6, a denominación comercial, na que non se poderán utilizar cifras ou expresións que induzan a confusión sobre o tipo de produto, riquezas ou contidos, así como o emprego de palabras ou prefixos como “biolóxico”, “ecolóxico”, “fertilizante ecolóxico”, “natural”, “bio”, “eco”, etc., sen o correspondente certificado de conformidade emitido polas entidades certificadoras de insumos autorizados en agricultura ecolóxica.
- h) O nome ou razón social e o enderezo da persoa física ou xurídica responsable da posta no mercado (produtor, importador, envasador, etc.), de acordo co punto 46 do artigo 2.
- i) A identificación da partida ou lote, para documentar a súa rastrexabilidade, de acordo co establecido no artigo 15.

## **B. IDENTIFICACIÓN E MENCIONS FACULTATIVAS**

Os envases, etiquetas e documentos de acompañamento poderán levar as seguintes indicacións:

- a) A marca do fabricante
- b) Nos produtos fertilizantes dos grupos 1, 4, 5 e 7, a denominación comercial, na cal non se poderán utilizar cifras ou expresións que induzan a confusión sobre o tipo de produto, riquezas ou contidos, así como o emprego de palabras ou prefixos como “biolóxico”, “ecolóxico”, “fertilizante ecolóxico”, “natural”, “bio”, “eco”, etc., sen o correspondente certificado de conformidade emitido polas entidades certificadoras de insumos autorizados en agricultura ecolóxica.

- c) Non se poderá utilizar a denominación “fertilizante de liberación lenta”, “fertilizante de liberación gradual” ou similares, salvo no caso dos fertilizantes dos grupos 1, 3 e 4, formulados a base de urea de baixa solubilidade (tipos A.1.10, A.1.11 e A.1.12 do anexo I do Regulamento (CE) nº 2003/2003) ou os fertilizantes con inhibidores da nitrificación ou da ureasa autorizados.
- d) No caso de que existan indicacións facultativas indicadas nas columnas 4, 5 e 6 dos cadros do anexo I, conforme o especificado neles.
- e) O contido en  $P_2O_5$  soluble en auga nos produtos fosfatados do grupo 3, salvo nos produtos en solución, nos cales será obrigatorio.
- f) O contido en micronutrientes, salvo no caso de boro (B), nos grupos 2, 3 e 4, cando sexan ingredientes normais de materias primas destinadas a proporcionar nutrientes principais e secundarios, sempre que estean presentes en cantidades iguais ou superiores aos contidos mínimos que figuran no punto 1.3.4 do anexo I, e declarárase conforme o especificado no punto A.2.3. d) deste anexo.
- g) O contido en materia orgánica nos produtos do grupo 2 (fertilizantes orgánicos).
- h) O contido en materia orgánica nos produtos do grupo 3 (fertilizantes órgano-minerais), determinada co contido en carbono orgánico polo factor 1,724 (coeficiente de Waksman).
- i) O contido en ácidos fúlvicos nos produtos do grupo 6 (emendas orgánicas).
- j) A condutividade eléctrica, expresada en dS/m, salvo no caso dos produtos do grupo 6 (emendas orgánicas), que será obrigatoria.
- k) As instrucións de almacenamento e manipulación para os produtos sólidos.
- l) A indicación «*pobre en cloruro*» só se poderá incluír cando o contido en cloruro sexa inferior ao 2 %. Así mesmo, a indicación “libre de cloruro” só se poderá incluír cando o contido en cloruro sexa inferior ao 0,3%.
- m) Valor do pH naqueles produtos en que non sexa obrigatoria a súa mención.

## ANEXO III

## MARXES DE TOLERANCIA

As tolerancias indicadas no presente anexo son as diferenzas admisibles entre o valor encontrado na análise do contido dun elemento ou doutra característica específica, con respecto ao seu valor declarado.

As marxes de tolerancia incluídas no presente anexo son valores negativos (por defecto) de porcentaxe en masa.

En todos os produtos fertilizantes, a tolerancia admisible será tamén positiva (valores por exceso), en magnitudes equivalentes ao dobre do establecido para as tolerancias por defecto que se especifican neste anexo.

As marxes de tolerancia por defecto permitidas, en canto aos contidos declarados en elementos nutrientes ou doutras características especificadas nas denominacións dos diversos tipos de produtos fertilizantes do anexo I, serán as seguintes:

## GRUPO 1. FERTILIZANTES INORGÁNICOS NACIONAIS

## 1.1. FERTILIZANTES INORGÁNICOS CON NUTRIENTES PRINCIPAIS

| 1.1.1. Fertilizantes nitroxenados                                | Valores absolutos das porcentaxes en masa expresados en: |
|--|--|
|  | N  |
| 1.1.1.01. Solución amoniacal                                     | 0,5  |
| 1.1.1.02. Amoníaco anhidro                                       | 1,0  |
| 1.1.1.03. Solución de nitrato amónico e amoníaco con ou sen urea | 0,6  |
| 1.1.1.04. Ácido nítrico  | 0,4  |
| 1.1.1.05. Solución ácida de fertilizante nitroxenado con xofre   | 0,6  |
| 1.1.1.06. Solución de sulfato amónico – nitrato amónico          | 0,4  |
| 1.1.1.07. Fertilizante nitroxenado mixto                         | 0,5  |
| 1.1.1.08. Solución nitroxenada con elementos secundarios         | 0,3  |
| 1.1.1.09. Solución nitroxenada                                   | 0,6  |
| 1.1.1.10. Acetilendiurea   | 0,5  |
| 1.1.2. Fertilizantes fosfatados                                  | P <sub>2</sub> O <sub>5</sub>                            |
| 1.1.2.01. Ácido fosfórico  | 0,8  |
| 1.1.3. Fertilizantes potásicos                                   | K <sub>2</sub> O   |
| 1.1.1.3.01. Solución potásica                                    | 0,5  |
| Outros elementos   | Cl   |
| Cloruro (tolerancia por exceso)                                  | 0,1  |

**1.1.4. Fertilizantes compostos líquidos**

Un 15% do valor declarado, para os contidos en calquera elemento nutriente principal, cun máximo de:

|                                    |     |
|------------------------------------|-----|
| N total. ....                      | 0,5 |
| P <sub>2</sub> O <sub>5</sub> .... | 0,5 |
| K <sub>2</sub> O .....             | 0,5 |

Valor máximo da suma das desviacións negativas respecto ao valor declarado:

|                              |     |
|------------------------------|-----|
| Fertilizantes binarios.....  | 0,7 |
| Fertilizantes ternarios..... | 1   |

**1.1.a. Cando estes fertilizantes conteñan, ademais, elementos secundarios:**

Un 10% do contido declarado en CaO, MgO e SO<sub>3</sub>, cun máximo do 0,3% en valor absoluto.

**1.1.b. Cando estes fertilizantes conteñan, ademais, micronutrientes:**

Un 20% do valor declarado, para os contidos en micronutrientes inferiores ou iguais ao 2%

Un 0,4% en valor absoluto, para os contidos en micronutrientes superiores ao 2%.

**1.2. FERTILIZANTES INORGÁNICOS CON ELEMENTOS NUTRIENTES SECUNDARIOS****1.2.a. Elementos nutrientes secundarios:**

Un 25% do contido declarado en CaO, MgO, Na<sub>2</sub>O e SO<sub>3</sub>, cun máximo do 0,9% en valor absoluto, cando o contido en SO<sub>3</sub> sexa inferior ao 60% e un máximo do 2,5% en valor absoluto cando sexa igual ou superior ao 60%

**1.2.b. CaO e MgO quelados ou complexados**

Un 10% do contido declarado en CaO e MgO quelado ou complexado, cun máximo do 0,3% en valor absoluto.

**1.3. FERTILIZANTES INORGÁNICOS CON MICRONUTRIENTES**

Un 20% do valor declarado, para os contidos en micronutrientes inferiores ou iguais ao 2%

Un 0,4% en valor absoluto, para os contidos en micronutrientes superiores ao 2%.

**GRUPOS 2 E 3. FERTILIZANTES ORGÁNICOS E ÓRGANO-MINERAIS****2/3.a. Fertilizantes que só declaran un único nutriente principal.**

Un 15% do valor declarado, para os contidos en calquera elemento nutriente principal, cun máximo de:

|                                    |     |
|------------------------------------|-----|
| N total. ....                      | 0,9 |
| N orgánico. ....                   | 0,5 |
| P <sub>2</sub> O <sub>5</sub> .... | 0,9 |
| K <sub>2</sub> O .....             | 0,9 |

**2/3.b. Fertilizantes compostos**

Un 15% do valor declarado, para os contidos en calquera elemento nutriente principal, cun máximo de:

|                                     |     |
|-------------------------------------|-----|
| N total.....                        | 1,1 |
| N orgánico.....                     | 0,5 |
| P <sub>2</sub> O <sub>5</sub> ..... | 1,1 |
| K <sub>2</sub> O.....               | 1,1 |

Valor máximo da suma das desviacións negativas respecto ao valor declarado:

|                              |     |
|------------------------------|-----|
| Fertilizantes binarios.....  | 1,5 |
| Fertilizantes ternarios..... | 1,9 |

**2/3.c. Fertilizantes que declaran nutrientes secundarios**

Un 25% do contido declarado en CaO, MgO, Na<sub>2</sub>O e SO<sub>3</sub> cun máximo do 0,9% do valor absoluto.

**2/3.d. Fertilizantes que declaran micronutrientes**

Un 20% do valor declarado, para os contidos en micronutrientes inferiores ao 2%.

Un 0,4% en valor absoluto, para os contidos en micronutrientes superiores ao 2%.

**2/3.e. Outras características específicas**

- Carbono orgánico e relación C/N: 10% do valor declarado, cun máximo en valor absoluto do 1%
- Ácidos húmicos: 15% do valor declarado

**4. OUTROS FERTILIZANTES E PRODUTOS ESPECIAIS**

- Nos fertilizantes (CE) e nos fertilizantes do grupo 1 do anexo I aos que se lles engaden produtos especiais (aminoácidos, ácidos húmicos, DMPP, etc.), as marxes de tolerancia serán equivalentes ás exixidas a aqueles.
- Nos aminoácidos e ácidos húmicos, un 15% do valor declarado do contido en calquera elemento nutriente principal, cun máximo en valor absoluto de:

|                                     |     |
|-------------------------------------|-----|
| N total .....                       | 0,9 |
| N orgánico e noutras formas         | 0,4 |
| P <sub>2</sub> O <sub>5</sub> ..... | 0,9 |
| K <sub>2</sub> O .....              | 0,9 |

- Total de aminoácidos libres:

|                             |                        |
|-----------------------------|------------------------|
| Valor declarado ≥ 10% ..... | 1% en valor absoluto   |
| Valor declarado < 10% ..... | 10% do valor declarado |

- Para cada un dos aminoácidos libres declarados no aminograma..... 25% do valor declarado
- Ácidos húmicos: 15% do valor declarado, cun máximo do 2% en valor absoluto
- Ácidos fúlvicos: 15% do valor declarado, cun máximo do 2% en valor absoluto
- Extracto húmico total..15% do valor declarado, cun máximo do 3% en valor absoluto
- DMPP: 10% do valor declarado, referido á porcentaxe do inhibidor sobre o nitróxeno nitrificable
- Monocarbamida dihidróxeno sulfato (MCDHS): 10% do valor declarado referido á porcentaxe do inhibidor sobre nitróxeno ureico

### 5. EMENDAS CALCARIAS

- Un 25% do contido declarado en CaO, MgO e SO<sub>3</sub>, cun máximo do 3% en valor absoluto
- Valor neutralizante: un 2,5% sobre o valor declarado

### 6. EMENDAS ORGÁNICAS

- Materia orgánica total 20% do valor declarado, cun máximo do 6% en valor absoluto
  - C orgánico e relación C/N...10% do valor declarado, cun máximo do 2% en valor absoluto
  - Ácidos húmicos ..... 10% do valor declarado
  - Ácidos fúlvicos ..... 10% do valor declarado
- Para os contidos en calquera elemento nutriente, un 15% do valor declarado, cun máximo en valor absoluto de:

|   |     |
|---|-----|
| N total .....                             | 0,9 |
| N orgánico e noutras formas ....          | 0,5 |
| P <sub>2</sub> O <sub>5</sub> total ..... | 0,9 |
| K <sub>2</sub> O total .....              | 0,9 |

### 7. OUTRAS EMENDAS

- Un 25% do contido declarado en CaO e SO<sub>3</sub>, cun máximo do 3% en valor absoluto.
- Capacidade de absorción en auga destilada: 10% do valor declarado
- Porcentaxe de polímeros hidroabsorbentes: 10% do valor declarado, cun máximo do 1% en valor absoluto.

### OUTROS REQUISITOS E CARACTERÍSTICAS DE CARÁCTER XERAL

- ♦ Cando existan diferentes formas de nitróxeno ou distintas solubilidades do pentóxido de fósforo, a marxe de tolerancia para cada un deles será do 10% do contido total declarable do elemento de que se trate, cun máximo do 2% en masa, en valor absoluto, sempre que a cantidade total de tal elemento nutriente permaneza dentro dos límites que se especifican no anexo I e das marxes de tolerancia especificadas máis arriba para cada grupo de produtos fertilizantes.
- ♦ Condutividade eléctrica .....± 2,0 dS/m (± 2000,0 µs/cm)
- ♦ pH ..... ± 1,0 salvo nos produtos clasificados como perigosos, en que non se admitirá ningunha tolerancia

## ANEXO IV

### LISTA DE RESIDUOS ORGÁNICOS BIODEGRADABLES

**Materiais relacionados na lista europea de residuos. Decisión 2001/118/CE, do 16 de xaneiro de 2001, trasposta pola Orde MAM/304/2002, do 8 de febreiro.**

#### **02 RESIDUOS DA AGRICULTURA, HORTICULTURA, ACUICULTURA, SILVICULTURA, CAZA E PESCA; RESIDUOS DA PREPARACIÓN E ELABORACIÓN DE ALIMENTOS**

02 01 Residuos da agricultura, horticultura, acuicultura, silvicultura, caza e pesca

- 02 01 01 Lodos de lavado e limpeza
- 02 01 02 Residuos de tecidos animais (salvo o exceptuado no Regulamento 1069/2009)
- 02 01 03 Residuos de tecidos vexetais
- 02.01.06 Dexeccións de animais, estercos e efluentes recollidos selectivamente e tratados fóra do lugar onde se xeran
- 02 01 07 Residuos da silvicultura

02 02 Residuos da preparación e elaboración de carne, peixe e outros alimentos de orixe animal (salvo o exceptuado no Regulamento 1069/2009)

- 02 02 01 Lodos de lavado e limpeza
- 02 02 02 Residuos de tecidos de animais
- 02 02 03 Materiais inadecuados para o consumo ou a elaboración
- 02 02 04 Lodos do tratamento "in situ" de efluentes

02 03 Residuos da preparación e elaboración de froitas, hortalizas, cereais, aceites comestibles, cacao, café, té e tabaco; produción de conservas; produción de lévedo e extracto de lévedo, preparación e fermentación de melazas

- 02 03 01 Lodos de lavado, limpeza, peladura, centrifugado e separación
- 02 03 04 Materiais inadecuados para o consumo ou a elaboración
- 02 03 05 Lodos de tratamento "in situ" de efluentes

02 04 Residuos da elaboración de azucre

- 02 04 03 Lodos de tratamento "in situ" de efluentes

02 05 Residuos da industria de produtos lácteos

- 02 05 01 Materiais inadecuados para o consumo ou a elaboración
- 02 05 02 Lodos de tratamento "in situ" de efluentes

02 06 Residuos da industria de panadaría e pastelería

- 02 06 01 Materiais inadecuados para o consumo ou a elaboración
- 02 06 03 Lodos de tratamento "in situ" de efluentes

02 07 Residuos da produción de bebidas alcohólicas e non alcohólicas (excepto café, té e cacao)

- 02 07 01 Residuos de lavado, limpeza e separación mecánica de materias primas
- 02 07 02 Residuos da destilación de alcohois
- 02 07 04 Materiais inadecuados para o consumo ou a elaboración
- 02 07 05 Lodos de tratamento "in situ" de efluentes

**03 RESIDUOS DA TRANSFORMACIÓN DA MADEIRA E DA PRODUCCIÓN DE TABOLEIROS E MOBLES, PASTA DE PAPEL, PAPEL E CARTÓN**

## 03 01 Residuos da transformación da madeira e da produción de tableiros e mobles

